

**DANIEL LANERO**

## **Conflictos institucionais na Galicia da posguerra. As “Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos” diante dos organismos da administración do Estado e dos concellos<sup>1</sup>**

### **INTRODUCCIÓN**

Pretendemos caracterizar as diferentes manifestacións conflitivas vividas polo mundo rural galego, en especial o pontevedrés, durante a década dos 40 da pasada centuria, vencelladas á actividade das “Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos” (de aquí en diante H.S.L.G.). A nosa intención é centrarnos en dous tipos de enfrontamentos institucionais. Por unha banda, aqueles nos que as partes enfrontadas eran as H.S.L.G. e os organismos do Estado, encargados de levar a cabo a política económica de intervención de prezos e mercados dos produtos agrarios e factores de produción da agricultura –Comisaría General de Abastecimientos y Transportes (C.G.A.T.), Servicio Nacional del Trigo (S.N.T.) Fisca-

lía Provincial de Taxas e Goberno Civil–. Neste caso, o desacordo non era tanto cos devanditos organismos coma coa política de fondo, da que eran brazo executor. Por outra parte, dedicáremos a analizar as relacións –non sempre cordiais– mantidas polas entidades sindicais agrarias e os concellos rurais arredor da fiscalidade local e da atribución de determinadas competencias. No medio do seu estudo tamén demos con fallas de entendemento significativas entre alcaldes e Goberno Civil e mesmo coa polémica actuación de determinados funcionarios municipais, nomeadamente os inspectores veterinarios, que así mesmo tentaremos analizar.

Tamén se tenta proxectar algo de luz sobre o irresoluble rompecabezas que é a comprensión

dos mecanismos de funcionamento da política de intervención de produtos agrarios e sobre os organismos autónomos encargados de levala a cabo<sup>2</sup>. No decurso deste, e sen ser unha intención de partida, creo que é posible facerse cunha imaxen da situación crítica pola que pasaban os diferentes subsectores da produción agraria galega, e particularmente pontevedresa, nos escuros anos da posguerra. Por último, o texto implica unha vontade de sistematización inicial dos conflitos institucionais existentes no contexto do primeiro franquismo entre Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos e concellos rurais.

En canto ó uso das fontes, reivindicase a potencialidade da prensa sindical agraria do primeiro

franquismo para facer unha caracterización da situación pola que pasaba o agro nos “anos da fame”, para coñecer a actuación, o grao de organización e desenvolvemento e o sentir da Organización Sindical agraria respecto dos asuntos máis conflictivos, e para tratar de reconstruír un contexto, o dos primeiros anos da ditadura e os da posta en marcha das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos, en moitos aspectos aínda moi fragmentario polo que fai ó rexistro documental localizado e dispoñible.

A publicación sindical que actuou, cunha considerable continuidade, como voceiro da Organización Sindical agraria pontevedresa, entre 1945 e 1952 foi “AGRO”<sup>3</sup>. Sempre que foi posible, para a caracterización dos acontecementos e correntes de opinión abordadas polo texto, recorreremos á utilización de informacións procedentes doutros territorios e xornais ou publicacións sindicais ou de difusión xeral. Somos totalmente conscientes de que estamos ante unha fonte partidista e cunha determinada forma de ver as cousas, non sempre coincidente pero si achegada ó rexime de Franco, e por iso mesmo cremos máis significativo o valor dos desacordos e discrepancias que atopemos nas súas páxinas. O emprego da prensa complementase coa utilización de fontes localizadas no Arquivo do Reino de Galicia (A.R.G.), na Cámara Agraria Provincial de Pontevedra (A.C.A.P.P.) e no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.P.O.).

Pretendemos poñer de manifesto cómo xa nos anos inmediatos ó remate da guerra civil, de consolidación do réxime e de maior

vixencia da política económica autárquica, no propio seo da ditadura existiron voces discrepantes que avogaban pola volta a unha situación de liberdade dos prezos e mercados de produtos agrarios e pola clausura da intervención. As razóns, irémolas vendo ó longo das vindeiras páxinas<sup>4</sup>. Agora, tan só desexamos apuntar que estas voces procedían do interior da Organización Sindical agraria (das Hermandades, das Cooperativas del Campo, das Cámaras Oficiais Sindicales Agrarias e mesmo das Asambleas Nacionais de H.S.L.G.) e dos responsables político-administrativos locais e provinciais. Pola contra, sempre foi significativamente comedida a postura das altas xerarquías sindicais –delegado nacional de sindicatos, cargos executivos da Junta Nacional de Hermandades,...– e dos representantes máximos e directos do goberno do Estado nas provincias, os gobernadores civís/xefes provinciais do Movimiento.

Inicialmente centraremos as nosas pescudas nos negativos efectos que a política intervencionista tivo sobre as principais producións agropecuarias galegas e particularmente sobre as pontevedresas: cereais –fundamentalmente millo–, gando vacún, viño e patacas. Nun segundo bloque do traballo analizaremos os desencontros entre Hermandades e concellos a nivel local e remataremos cunha breve conclusión que delimite as nosas posicións interpretativas.

#### **POSTURAS CRÍTICAS FRONTE Á INTERVENCIÓN DO MERCADO DE PRODUCTOS AGRARIOS. PAPEL DAS HERMANDADES DE LABRADORES Y GANADEROS**

##### **Cereais e gandería**

Un primeiro paso inevitable para comprender a actuación das

H.S.L.G. respecto da obriga legal que os seus encadrados tiñan de entregar un cupo forzoso de determinadas producións agrícolas (millo, trigo e centeo, patacas, leguminosas...) pagadas a prezo de taxa, ten que ser a descrición do funcionamento deste sistema de control e intervención sobre a produción. O sistema de entrega de cupos forzosos foi implantado a partir da campaña 1944/45. As que debía entregar cada concello eran fixadas polas Centrales Reguladoras de Productos Agrícolas (C.R.E.P.A.S.) a partir dos informes que elaboraban as Seccións Agronómicas a raíz das declaracións xuradas de superficie de cultivos de cada concello e dos rendementos medios dos diferentes produtos intervidos. Posteriormente a Junta Local Agrícola, que compuñan o alcalde, o xefe local de F.E.T., o secretario do Concello e tres agricultores de entre os maiores contribuíntes, estipulaba o reparto do cupo por parroquias, e alí, a Junta parroquial, integrada polo párroco, o alcalde de barrio e o mestre, facía o reparto final entre os veciños. Este sistema favorecía a comisión de todo tipo de arbitrariedades en función da situación e do grao de poder dos veciños no concello e nas respectivas parroquias, das envexas, inimidades persoais, amiguismos e corrupcións.

Os cultivadores de cereais intervidos debían declarar ó S.N.T. a extensión de terreo que cultivaban con estes e a colleita obtida na derradeira campaña. As declaracións tiñan que facelas nun impreso oficial (o “C-1”) que quedaba á súa disposición na casa do concello polo “módico” prezo de 5 céntimos<sup>5</sup>. Cada agricultor tería que reflectir no devandito impreso, á parte dos

seus datos persoais, o número de familiares e servidume doméstica que convivía con el; obreiros que traballaban na súa explotación e familiares destes (algo bastante distante do común da realidade galega); cabezas de gando de cada especie das que dispuña; extensión cultivada con cada un dos produtos de entrega e colleita real obtida. Unha vez consignados todos estes datos, a declaración e un duplicado presentábanse ante o secretario do seu concello, quen tiña a obriga de comprobar a veracidade dos datos empregando para isto as informacións que deberían obrar en poder da Junta Local Agrícola do seu concello. Era entón cando esta Junta Local Agrícola procedía a estampar sobre cada declaración o cupo forzoso sinalado a cada agricultor pola Jefatura provincial do S.N.T.

Unha vez coñecido o cupo forzoso, cada agricultor tiña ademais que especificar na súa declaración a cantidade de cereal que se reservaba para a sementeira do ano seguinte (que tería que ser polo menos a necesaria para cumprir coa extensión marcada pola Junta Local Agrícola); para consumo da explotación –a razón de 150 kg por persoa e ano–; para pagamento de rendas e iguais e, por último, como excedente de produción en caso de existir este, excedente que só lle podería vender ó S.N.T. Unha vez realizados todos estes trámites administrativos tiña que volver ó concello coa declaración asinada e presentala diante do secretario, o cal lle devolvería un exemplar ó agricultor interesado e achegaría o outro ó conxunto de declaracións para envialas á Jefatura provincial do S.N.T. xunto coa lista de veciños cultivadores que non tiveran a declaración entregada.

Cómpre facer unha serie de aclaracións complementarias para tratar de debullar na confusa realidade do sistema de cupos. Cando as necesidades de consumo das unidades domésticas superaban o sobranse da colleita despois da entrega do cupo forzoso de trigo, o S.N.T. recomendaba cubrilos “con los excedentes de centeno y maíz o de ambos cereales, destinando el resto de estos para la alimentación del ganado”<sup>6</sup>. Ademais, o cereal sobranse a maiores do cupo de entrega forzosa non podería ser utilizada baixo ningún concepto se non se levaba a cabo o depósito físico do cupo nos locais de recollida do S.N.T. e só se podería vender ó Servizo<sup>7</sup>. Se cadra máis estritas aínda eran as medidas relacionadas co transporte de cereais, xa que todos os produtos intervidos polo S.N.T. debían circular coa correspondente guía expedida polas “Jefaturas provinciales”, a non ser cando o produtor o levaba ós almacéns do Servizo para a súa entrega, a muíños maqueiros autorizados, ou dunha veiga a outra da súa propiedade, casos nos que “abondaba” con levaren enriba a coñecida declaración C-1. Máis complexas eran aínda as circunstancias cando o cereal recollido nunha provincia tiña como destinatarios finais rendistas ou consumidores doutra. Entón, ante a prohibición de trasladalos, os arrendatarios terían que levar a colleita ós locais do S.N.T. e trocala por un vale para que os destinatarios do produto o puideran cambiar por “x” kg de fariña nunha fábrica situada na provincia na que residiran.

Un último aspecto –dos principais– a ter en conta era o das sancións. Tanto a non declaración de produtos ó S.N.T., coma

o seu falseamento ou o incumprimento dalgunha da morea de disposicións artelladas polo Servizo, eran sancionables por parte da “Fiscalía de Tasas”. Tamén deberían ser amoestados os industriais maqueiros que admitiran nos seus muíños cereais panificables que non foran xunto coa pertinente declaración C-1.

Como é ben sabido esta política de intervención sobre a produción tivo como principal consecuencia a creación dun mercado negro de produtos agrarios ó que recorreron os diferentes estratos da sociedade campesiña española, uns para poder sobrevivir e outros como medio para se enriquecer. De feito, o sistema facilitou os mecanismos de acumulación por parte das elites locais e provincias que estaban representadas nos organismos responsables da fixación dos cupos, falseaban no seu proveito as declaracións de superficies, tiñan contactos políticos privilegiados, infraestructuras para agachar a produción e contaban tamén con medios de transporte para a comercialización no mercado negro<sup>8</sup>.

Pero os mecanismos de funcionamento do sistema de cupos non foron unha realidade estable. De feito, cando menos dende un punto de vista legal, a situación xa mudara en 1945, cando a través da Orden de la Presidencia del Gobierno de 23 de marzo de 1945, que desenvolvía a Ley de Unidad Sindical Agraria de xullo de 1944 e dotaba as H.S.L.G. das súas propias ordenanzas, as funcións das Juntas Locales Agrícolas e das Juntas Locales de Fomento Pecuário pasaban a ser asumidas polas Hermandades en detrimento dos concellos. Isto debeu de supor un cambio significativo, no senti-

do de que as decisións sobre repartición de cupos por parroquias e por veciños, así como a elaboración das estimacións de superficie municipal dedicada a cada cultivo, estarían agora en mans de persoas vencelladas á Hermandad e non tanto á Corporación municipal<sup>9</sup>. De calquera xeito, as mudanzas non deberon producirse dun xeito inmediato, polo menos no caso da provincia de Pontevedra, onde en febreiro de 1949 aínda se afirmaba:

*... la grande y beneficiosa innovación que este año, merced a las gestiones de nuestro excelentísimo Gobernador Civil y al espíritu de colaboración del Sr. Hernández Díez (Jefe Provincial do S.N.T. en Pontevedra) se ha establecido en el sistema de la fijación de cupos de entrega de maíz con destino al autoabastecimiento, ... Sabido es que los Cabildos Sindicales de las Hermandades, al asumir las funciones que correspondían a las Juntas Locales Agro-pecuarias, tienen como misión el hacer el reparto entre los agricultores-ganaderos, de los cupos de entrega fijados previamente por el Servicio Nacional del Trigo. Aparte de que este año se ha hecho efectivo ese servicio de los Cabildos, a quienes, en su totalidad, les ha sido confiada la referida misión, que antes, en muchos casos, se confiaba a los Ayuntamientos, gracias a la intervención de nuestro Gobernador civil, ...*<sup>10</sup>

Máis adiante volveremos sobre o papel das Hermandades na asignación e distribución de cupos de entrega forzosa e sobre a súa capacidade/incapacidade para defender os intereses dos labregos encadrados nelas. O sistema de cupos de entrega forzosa de

cereais –e por descontado doutros produtos– non debeu de ser nunca demasiado popular entre os labregos, a pesar de que os responsables do S.N.T. afirmaban que:

*... estos cupos forzosos se han señalado siguiendo un criterio de estricta (sic) justicia y procurando reducir al mínimo la cantidad a entregar por cada agricultor en relación con el cupo señalado a la provincia*<sup>11</sup>.

No mes de marzo de 1945 o daquela gobernador civil e xefe provincial del Movimiento da provincia de Pontevedra, Luis Ponce de León y Cabello, víase na obriga de tranquilizar os labregos pontevedreses a través dunhas declaracións a “Agro”, xornal voceiro das H.S.L.G. da provincia:

*... Habrá agricultores que produzcan lo necesario para cubrir sus necesidades y habrá otros que no podrán cubrir las con su producción: a estos habrá que darles lo necesario para cubrir su déficit, con cargo al superávit de los agricultores de producción superior a sus necesidades, los cuales deben entregarlo. Con este superávit se cubrirá la falta de los agricultores modestos y el sobrante será el que deba entregarse al “Servicio Nacional de Trigo” único organismo facultado para la adquisición de maíz. Como veréis, con estas medidas se evita todo perjuicio para los agricultores humildes y dicha entrega forzosa no constituirá un gravamen injusto en ningún caso. Decid a nuestros campesinos que no guarden ningún recelo, ya que dichas medidas, que fueron acordadas en la Asamblea de Alcaldes y Prohombres de las Hermandades de Labradores y Ganaderos, celebrada en este Gobierno civil, se llevarán a cabo*

*tal como estuvieron concebidas, estando plenamente identificados todos los organismos del Estado en la puesta en marcha de dicho procedimiento.*

A pesar do presunto acordo dos organismos da administración na execución da recollida de cupos de produción semella que moitos labregos do agro pontevedrés, e por extensión de toda Galicia, non podían compatibilizar esta “identificación” coas imposicións da supervivencia. Un bo exemplo disto poderían ser os acontecementos que tiveron lugar no concello de Tordoia (A Coruña) nos meses de maio-xuño de 1944 co gallo da entrega dos cupos forzosos de trigo. Nunha comunicación de 10 de xuño de 1944 o xefe provincial del S.N.T. da Coruña informaba ó gobernador civil da provincia de que os veciños de tres parroquias (Gorgullos, Castenda e Leobarde) do concello retiraran do almacén dun colaborador do S.N.T. o trigo que entregaran como cupo forzoso, a cal xa lles fora retribuída polo mencionado colaborador. O máis grave do caso era que, segundo o xefe provincial, o investigador da acción fora o propio alcalde de Tordoia. Por iso lle solicitaba ó gobernador civil que instara ó alcalde a colaborar co encargado local do S.N.T. na devolución por parte dos campesiños do cupo de trigo substraído ou, de non poderen reintegralo, do seu importe equivalente. As razóns aducidas polo xefe provincial, máis aló da “manifestación de ilegalidade” desta actuación, eran que:

*... En evitación de que este estado de cosas pueda servir de precedente (y servirá) para que en la próxima cosecha no pueda llevarse a cabo la recogida de cereales, y además no queden sin*

*sanción los agricultores que se llevaron el trigo, manteniendo el principio de autoridad, me permito proponer a V.E. ordene a los referidos agricultores devuelvan el trigo que se llevaron, ...*<sup>12</sup>. Os incidentes de Tordoia non foron unha excepción no conxunto da provincia da Coruña. Feitos similares tiveron lugar no veciño concello de Cerceda en xuño de 1944.

Ademais, a correspondencia que mantiña a máxima autoridade provincial cos alcaldes e coas Juntas Locales Agrícolas permite diagnosticar problemas de atrasos na entrega das declaracións individuais e colectivas de colleitas en ata 17 concellos espallados por toda a provincia (Boimorto, Cabana, Cee, Coirós, Dodro, Fisterra, Frades, Malpica, Melide, Miño, Noia, Paderne, Rianxo, Rois, Santiago, Valdoviño e Zas) que o gobernador civil trataba de solventar coa ameaza de imposición de multas por un importe de 200 pesetas<sup>13</sup>.

Trascendendo o ámbito provincial coruñés, podemos citar tamén os incidentes acaecidos no sur da provincia de Lugo, en concreto no concello do Saviñao, no mes de abril de 1946, cando as mulleres de Escairón, instigadas polo seu alcalde e coa aquiescencia de todos os veciños, impediron a saída da vila dun camión da C.G.A.T. cargado con 41.500 kg de centeo que estaban depositados no almacén local do S.N.T.<sup>14</sup>

Para o caso da provincia de Pontevedra non coñecemos polo momento casos de desobediencia civil tan abertos coma os anteriormente citados, o cal non quere dicir que non os houbera, dada a tendencia natural das autoridades franquistas a ocultar a mínima manifestación de dis-

dencia que puidera ser interpretada como un ataque ó “statu quo” ou unha mostra de febleza do réxime. Aínda así, contamos con referencias indirectas que permiten percibir un grao importante de descontento respecto das medidas intervencionistas. O máis importante é o feito de que estas discrepancias podían ter unha vía institucional, no caso que nos ocupa a través das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos, que, ben utilizada, podía en ocasións reportar vantaxes fiscais máis ou menos significativas para os encadrados destas e revertir positivamente no prestixio e na valoración veciñal da institución e en especial dos seus dirixentes. Un pouco máis adiante volverei sobre este extremo, pero agora centrareime na busca de evidencias sobre a oposición dos labregos da provincia a entregar cupos forzosos.

En primeiro lugar hai que deixar claro que os principais problemas respecto da entrega de cupos forzosos de cereais na nosa provincia non xiraban en torno ó trigo ou o centeo, tal como sucedía nos casos que acabamos de citar<sup>15</sup>. O *leit-motiv* das autoridades franquistas na recollida de cupos en Pontevedra vai ser o millo. Esta especificidade non é un detalle menor dado que os labregos e as entidades sindicais que, quixeran ou non, os representaban na provincia, as H.S.L.G. e a Hermandad Provincial (posterior C.O.S.A.) recorreran con frecuencia a utilizar o argumento de que o millo non debería ser considerado un cereal panificable, senón un penso e, polo tanto, non sometible á fiscalización pola vía dos cupos. Así, chegarán a expor que:

*... El maíz no ha sido entendido nunca como panificable, siempre se le ha considerado un pienso. Sólo puede admitirse como alimento humano en una mezcla de centeno a partes iguales y para organismos sanos y vigorosos. Pero a realidade era que o millo si que estaba a facer funcións de cereal panificable e de feito a broa –mestura de millo e centeo– era un dos alicerces da alimentación campesiña na década dos 40, como noutras ocasións deixaban ver os responsables sindicais: *Declarado panificable el maíz, este cereal que debería destinarse a piensos para nuestros ganados exhaustos, constituye el primordial alimento de nuestras familias campesinas, ...*<sup>16</sup>.*

A través da prensa sindical agraria da provincia puidemos comprobar cómo a campaña de recollida de cupos de millo de 1946 foi especialmente difícil para as autoridades provinciais. A finais do mes de marzo de 1946 o voceiro das H.S.L.G. da provincia, o xornal “AGRO”, recollía unha noticia na que se informaba dos prezos do millo (3’43 pts/kg), do trigo (3’50 pts/kg) e do centeo –o mesmo có do millo– para a vindeira campaña de entrega de cupos, considerando o redactor que ...

*como el precio referido viene a cubrir con exceso las aspiraciones de los agricultores es de esperar que todos aquellos que tengan señalado cupo forzoso los entreguen sin demora alguna, ... concluíndo cun too de ameaza: ... bien entendido que al finalizar el presente mes de marzo se practicarán las comprobaciones y fiscalizaciones oportunas y serán puestos a disposición de la Fiscalía Provincial de Tasas todos aquellos que dejen de efectuar sus entregas, ....*

O mes seguinte –abril de 1946– o xornal reproducía unha circular asinada polo gobernador civil na que este afirmaba que a pesar da suba nos prezos de taxa o procedemento de recollida estaba a resultar moi lento *por la resistencia que muestran los productores a hacer efectivos los cupos que tienen señalados aún a pesar de incrementar los precios de compra durante el presente mes, ...* Na mesma circular o Goberno Civil pontevedrés recordaba para qué estaba e cómo funcionaba a Fiscalía Provincial de Tasas e puña en coñecemento *... de los Alcaldes de los Ayuntamientos enclavados en zonas de producción, la necesidad de cooperar al Servicio Provincial del Trigo la necesaria ayuda*, sinal de que –como xa comprobamos– o entendemento entre xestores municipais e funcionarios do S.N.T. non debeu de ser en todos os casos o mellor posible.

Neste mesmo número de “AGRO” de abril do ano 1946, os redactores da revista glosaban a circular de Luis Ponce de León y Cabello e exhortaban ós seus “afiliados” a cumpriren co que consideraban un deber moral de todos os produtores, aproveitando a ocasión para insistir na necesidade dunha participación máis activa dos cabidos sindicais das Hermandades nas asignacións de cupos, baixo o disfraz da necesidade dunha sintonía e boa colaboración entre estes e as Juntas Locales Agrícolas<sup>17</sup>.

A principios do mes de maio o problema non estaba definitivamente resolto e de novo o gobernador civil, agora no nome da Delegación provincial de Abastecimientos y Transportes, da que el era o máximo responsable, lanzaba unha nova circu-

lar sobre o autoabastecemento de millo nos municipios. A pesar do confuso da comunicación, ó parecer nesta ocasión o problema non era tanto a reclamación da entrega dos cupos de produción forzosos, coma a das cantidades de millo excedentes despois de entregar os cupos e restar o cereal necesario para o autoconsumo de familias e bestas. Detrás deste incumprimento das medidas intervencionistas estaría a maior rendibilidade que supuña poñer a circular o sobranche de millo dentro dos circuitos do mercado negro que entregalo tamén ás autoridades de abastos ó mesmo prezo de taxa<sup>18</sup>. O gobernador chamaba unha vez máis a atención dos alcaldes, por entender que as entregas que estes efectuaran foran *exiguas* e apelaba á mutua confianza e á corresponsabilidade entre el e os labregos da provincia, ó considerar que estes deberían estar máis prestos na entrega dos cereais intervidos, aínda que tan só fóra pola preocupación que a máxima xerarquía política provincial mostrara ó ampliar os prazos de entrega dos cupos e acadar uns prezos verdadeiramente remuneradores para os produtos do agro. Esta peculiar concepción das autoridades provinciais da “economía moral” tiña como corolario o aviso dunha actuación exemplarizante da Fiscalía provincial de Tasas<sup>19</sup>. Sorprendentemente, ou non tanto, todo este balbordo rematou en case nada. Por unha nova referencia en “AGRO”, esta vez xa no 1947, soubemos que a mediados dese ano unha orde da Fiscalía provincial de Tasas decidiu a devolución do importe das multas impostas por falla de entrega de cupos na campaña agrícola de 1946/47. O voceiro

das Hermandades agradecíalle ó fiscal de taxas, D. Ramón Rivero de Aguilar, a xenerosidade da medida e as facilidades que se estaban a dar ós labregos afectados para devolveren as cantidades coas que foran castigados<sup>20</sup>. A medida puido se cadra obedecer a que na devandita campaña se viran afectados polas sancións da Fiscalía estraperlistas con contactos políticos suficientemente importantes como para acadar unha retirada destas, ó desexo de conseguir mellores resultados na vindeira campaña de recollida de cupos ou á consideración de que a materialización das ameazas da Fiscalía de Tasas serviría como exemplo adoutrinador para anos sucesivos, ou tal vez ó desexo de xerar elementos fornecedoros de consenso respecto do Goberno Civil. En todo caso, non estamos máis que ante especulacións.

Máis aló das tácticas que empregaran os labregos para facer fronte ó sistema de cupos (ocultación de colleitas, impago, dilación na entrega de declaracións de colleitas e cupos, etc.) interéсанos saber cál foi o posicionamento das H.S.L.G. respecto das medidas de intervención da economía. Se, en xeral, as entidades sindicais se someteron ós ditados da política económica autárquica, non deixaron de expresar en bastantes ocasións –e sobre todo no nivel dos dirixentes provinciais e nas Asambleas Nacionais de Labradores y Ganaderos– o desacordo cos principios fundamentais e coas consecuencias desta. A medio camiño, con certa frecuencia empregaron a súa capacidade de presión para acadar unha atenuación das consecuencias negativas da intervención. O porqué desta actitude pode ter que ver

co desexo de parte dos seus dirixentes por mellorar o lamentable nivel de vida dos labregos galegos, por entender que a intervención da produción e distribución de certas producións agropecuarias era un camiño errado que non só perjudicaba os labregos senón que tamén impedía retomar vellos procesos de especialización produtiva de anteguerra (concretamente a mellora gandeira) ou, sinxelamente –en especial na actuación de prohombres, secretarios de Hermandad e alcaldes no ámbito local– pola necesidade de manter a súa posición de privilexio respecto do control dos escasos recursos (adubos, anticriptogámicos, carburantes, ...), da fiscalidade (distribución de cupos, amillamentos, etc.).

Na primavera do ano 1949, cando a política de intervención comezaba a esmorecer, atopámonos co caso de varios concellos, nos que a mediación da Cámara Oficial Sindical Agraria (C.O.S.A.) diante do S.N.T. lograra reducir notablemente o cupo de entrega que lles fora sinalada. Este foi o caso por exemplo de Soutomaior ou de Cangas do Morrazo. Estas actuacións inseríanse nunha novidosa liña de cooperación entre as Hermandades, o Goberno Civil e o S.N.T., inaugurada na Asamblea provincial de Hermandades celebrada na cidade do Lérez en febreiro de 1949. Neste ano as Hermandades non só se impuxeron definitivamente ós concellos no reparto do cupo municipal entre os veciños, senón que acadaron que se lles encomendara a misión de sinalar a priori os cupos *posibles y justos con arreglo a las circunstancias de cada localidad, que han sido tenidos en cuenta por dicho Servicio para la fijación oficial de los*

*mismos*. Con anterioridade, as estimacións de colleitas previas á asignación de cupos polo S.N.T. elaborábanse a partir dos datos que nos mesmos concellos recompilaban os funcionarios técnicos das Jefaturas Agronómicas, os que proporcionaba o Servizo do Catastro de Rústica e os avances de colleitas de cereais que achegaban tanto o propio S.N.T. coma a Delegación da Comisaría General de Abastecimientos y Transportes na provincia<sup>21</sup>. Algún papel –deformador– desempeñaban tamén os concellos, por medio das xa citadas Juntas Locales Agrícolas, na elaboración das estimacións de superficies sementadas e de colleitas. As H.S.L.G. non tardaron nin un instante en aproveitar as novas circunstancias e durante os debates da Asamblea provincial dezaseis Hermandades locais manifestaron o seu desacordo cos cupos que para a campaña de 1949 lles fixara o S.N.T. por consideralas excesivas e lonxe das propostas (por suposto á baixa) que elas mesmas formularan con anterioridade. Apoiadas polos mandos da C.O.S.A. e polo gobernador civil, estas dezaseis Hermandades forzaron ó xefe provincial do S.N.T. a levar a cabo unha revisión *concienzuda, justa e conxunta* (funcionarios do S.N.T., dirixentes da C.O.S.A. e das Hermandades locais) dos cupos asignados. O resultado final foi un significativo triunfo das Hermandades, pois a Jefatura provincial do Servicio Nacional del Trigo claudicou:

*El resultado final de estas gestiones ha sido el de que a la totalidad de las Hermandades afectadas se les corrigiesen los cupos anteriormente señalados, quedando altamente agradecidos a la comprensión de D. Fabio*

*Hernández como representante de un Servicio con el cual tienen tan estrecho contacto nuestras Entidades Sindicales Agrarias, que a partir de ahora, muestran el deseo de una eficaz colaboración con dicho Servicio, ...*<sup>22</sup>. O relatado evidencia a capacidade de presión para tomar decisións os organismos da administración que, polo menos nalgunha ocasión, puideron ter estas entidades sindicais do mundo rural.

Outra das consecuencias da política de intervención da economía que concitaba en toda Galicia as queixas xeneralizadas das Hermandades locais e das máis importantes xerarquías sindicais agrarias (presidentes, secretarios e cabidos das C.O.S.A., cargos executivos das U.T.E.C.O. provinciais, etc.) era o da escaseza de pensos (millo, farelo de trigo, pulpa e tortas de remolacha, ...) para a alimentación da cabana gandeira, principalmente, pero non só, de gando vacún. A este respecto, estamos ante o caso inverso do que representaba o sistema de cupos de entrega forzosa. A ineficiencia da administración viña determinada porque a intervención do comercio e distribución de pensos non garantía minimamente o subministro efectivo –nas cantidades precisas e no momento adecuado– destes. As demandas da Organización Sindical agraria para tratar de solucionar os problemas van apuntar en diferentes direccións. Unha das peticións máis reiteradas vai ser a da necesidade de importar millo, o tipo de penso con moito máis frecuente na alimentación do gando no noso país. Argumentaban que a pesar da súa importante produción, a provincia de Pontevedra sempre fora deficitaria en millo, tendo que recorrer en “épocas norma-

les” á súa importación. Os problemas recrudescíanse a causa da declaración do millo como cereal panificable e polo tanto sometido ás directrices da C.G.A.T. e ó sistema de cupos de entrega forzosa<sup>23</sup>. Esta circunstancia provocara unha drástica redución no volume das importacións. A solicitude de importacións masivas de millo víase complementada coas peticións dunha política arancelario-proteccionista que acabase coas importacións de carne conxelada procedentes da Arxentina<sup>24</sup>. Non estabamos ante un problema novo, xa que durante a 2ª República un tratado comercial asinado con Uruguay (30/1/1933) suscitara dificultades semellantes. Os dirixentes sindicais non contemplaban a delicada situación internacional do réxime durante a 2ª Guerra Mundial e a súa inmediata posguerra, nin as concesións económicas que determinados apoios políticos esixían; imploraban por cambiar as preferencias nas importacións, ¿qué sentido podería ter importar carnes conxeladas, ovos e leite cando con só intensificar a compra de millo no exterior se poñería a gandería autóctona en condicións de fornecer de sobra os mercados nacionais destas producións? En palabras dun articulista de “AGRO”: *pues hemos de confesar valientemente que la política seguida en cuanto a ganadería está -permítaseme la frase- matando la gallina de los huevos de oro*<sup>25</sup>.

A escaseza de pensos non viña só determinada pola inexistencia de importacións de millo e polas restricións á libre circulación deste cereal. Os cupos de pensos dispoñibles chegaban ós gandeiros –por medio das Cooperativas del Campo– en cantida-

des irrisorias. Os responsables provinciais afirmaban a comezos de 1949 que ...

*hemos de lamentar que el cupo que tenemos actualmente señalado (6 vagones de salvado al mes) es totalmente insuficiente para sostener las mínimas exigencias de nuestra ganadería,... siendo ocioso manifestar que esta adjudicación única e insignificante no ha contribuido en lo más mínimo a resolver el gravísimo problema que en cuanto a alimentación de nuestro ganado tenemos planteado.*

Os pouco máis de 77.000 kg de farelo ó mes que estes seis vagóns viñan a representar nin tan sequera daban para alimentar as 60.000 galiñas censadas pola U.T.E.C.O. provincial naquel ano (1948), non sendo a avicultura –a pesar dun desenvolvemento e especialización produtiva incipiente no agro pontevedrés– máis ca unha mínima parte da produción gandeira (centrada no vacún e seguida de lonxe pola cabana porcina). Por todas estas circunstancias, e tendo en conta o dramatismo da situación do sector agrario de referencia da Galicia dos 50 anos previos á guerra civil, as xerarquías do sindicalismo agrario pontevedrés solicitaban a adxudicación dun millón (100 vagóns) de kg de remolacha para a campaña de 1949. Os problemas non melloraran un ano despois, pois a asignación provincial mensual de farelo non aumentara, senón que decrecera ata os 66.000 kg, é dicir, unha ración duns tres quilos ó ano por vaca. Esta realidade alporizaba ó secretario da C.O.S.A. de Pontevedra, o inflamable César López Canabal, que con certa lóxica rudimentaria cuestionaba toda a política de mellora gandeira:

*... Hablamos con frecuencia de mejora ganadera. Existen yo no sé cuantos organismos encargados de mejorar la raza vacuna gallega que se quiebran la cabeza buscando la fórmula que les permita alcanzar el ansiado objetivo y nosotros creemos firmemente que no hay más medios para esa necesaria mejora que tres: primero piensos, luego piensos y después piensos. Lo demás se nos dará por añadidura pues resulta ridículo devanarse los sesos buscando la manera de obtener buenos ejemplares de ganadería, si después, no tenemos que darles de comer. A no ser que los procedimientos científicos que empleemos para la mejora ganadera nos permitan obtener unas reses que podamos distraer de su insaciable apetito con cuentecitos de la Caperucita roja,... ¡Quién habló de vacas selectas!*<sup>26</sup>.

As peticións de pensos a través da prensa sindical agraria son unha constante nestes anos (reclámase máis farelo, pulpa de remolacha, turtós,... que nunca dan chegado nas cantidades mínimas necesarias). Ás veces o farelo non se entregaba no mesmo mes da súa molturación, pasando dende esta dous e tres meses ata que lles chegaba, por un camiño inzado de institucións e trámites burocráticos, ós labregos. Estes retrasos adoitaban ir acompañados dun deterioro na calidade dos pensos. E os prezos destes a cotío eran considerados excesivamente elevados polos campesiños e polos seus representantes sindicais.

Creo que está plenamente xustificado falarmos de crise estrutural da gandería galega na década dos 40. Por moitas circunstancias (dende os efectos sobre a cabana gandeira do papel de Galicia



como despensa do bando rebelde na guerra civil ata as negativas consecuencias dunha política de repoboación forestal masiva que limitaba a dispoñibilidade de pastos) pero especialmente polos perversos efectos da intervención deste sector produtivo<sup>27</sup>. Non só os pensos e forraxes estaban sometidos a control, tamén a carne, os coiros e os derivados se vían afectados polas disposicións intervencionistas e existían fortes restricións á fabricación de queixos e manteiga. A situación pode resumirse en que os factores de produción presentaban un elevado prezo para os gandeiros e, en cambio, ó estaren as vendas sometidas a uns prezos máximos principalmente destinados á protección dos consumidores, o exercicio desta actividade económica era pouco rendible. A estas circunstancias tiñan que sumar a imposibilidade para competir cos prezos da carne arxentina. En resumo: *nuestro agricultor-ganadero produce caro para vender barato*. Ós labregos non lles quedaba outra que desfacerse o máis rapidamente posible dos tenreiros, aínda *recentales*.

¿Qué postura tomaron as Hermandades e as C.O.S.A. ante este estado de cousas? As conclusións do relatorio “Ganadería” da primeira Asamblea Nacional de Hermandades ou diferentes peticións en Asambleas de escala provincial poden proporcionarnos unha idea aproximada. Entre as conclusións ás que chegou a Asamblea provincial de Hermandades celebrada en Pontevedra a principios de 1949 había unha nomeada “La depreciación del ganado y la mejora ganadera”, na que se avogaba por facer as xestións necesarias para suprimir o sistema de intervención do gando, declarando a súa libre compra e

circulación ou, de non atinxir esta reivindicación tan frontal, polo menos acadar o establecemento dun prezo máis elevado para a carne en vivo, adecuado ós custos reais da produción e que recoñecera para os gandeiros unhas marxes de utilidade (beneficios) xustos.

A demostración de que o problema non era percibido só por aquelas rexións de especialización produtiva fundamentalmente gandeira –e en particular en gando vacún–, atopámola por exemplo nas conclusións do Congreso Sindical Agrario de Castilla La Nueva y Albacete, que tivo lugar en 1949, como preparación previa á Asamblea Nacional de Hermandades daquel ano, nas que se sostiña que:

*La ganadería debe de quedar totalmente libre de circulación y venta, única forma de que se sostenga la actual cabaña ganadera española. Debe haber en cuanto al precio una proporción debida, en relación al precio alimenticio de los productos agrícolas, cereales, legumbres y tubérculos. En la fijación de estos precios deben tener intervención las Cámaras Oficiales Sindicales Agrarias*<sup>28</sup>.

Sen tanto atrevemento (porque canto máis subimos nos niveis do sistema, máis moderado e politicamente correcto se volve o ton das críticas) pero de xeito máis articulado, as conclusións do relatorio “Ganadería” da 1ª Asamblea Nacional de Hermandades (outubro de 1946) propoñían unha batería de medidas encamiñadas a suavizar os efectos da crise do sector gandeiro. A máis radical era probablemente a solicitude da supresión do sistema de cupos para o millo no tercio norte peninsular, que se complementaba coa solicitude de importación de millo a grande escala,

na que a responsabilidade respecto da solicitude das cantidades de gran necesarias para cada provincia e da súa distribución debería recaer totalmente na Organización Sindical, nas C.O.S.A. e na Junta Nacional de Hermandades; deixando á marxe os organismos encargados ata daquela polo Estado de levar a cabo estas tarefas (S.N.T. e C.G.A.T.). Os representantes sindicais demandaban tamén a libre circulación e venda de todo tipo de forraxes, a participación das Hermandades, a todos os niveis (local, provincial e nacional) na determinación dos prezos do gando, dos seus produtos derivados e da pel e despoños; un recoñecemento oficial do prezo do leite por provincias en función dos específicos custos de produción de cada unha; a prohibición por parte da Dirección General de Ganadería do sacrificio de tenreiros por debaixo dun determinado peso mínimo, coa intención de evitar o prexudicial sacrificio de “recentales”, ... Así e todo:

*La Asamblea Nacional de Hermandades de Labradores Ganaderos reconoce que el volumen actual de la ganadería española no se halla en condiciones de cubrir las necesidades del consumo nacional de carnes, ...*<sup>29</sup>.

Habería tamén outro conxunto de situacións que provocaban un profundo malestar nos labregos e gandeiros galegos e que, en certo sentido, poden ser cualificadas como “tradicionalistas”. Así, a percepción dun progresivo incremento da carga impositiva, un aumento considerable da contribución tanto rústica coma pecuaria, ó que era especialmente complicado facer fronte pola crise estrutural da gandería, dado que o gando e os produtos del

derivados eran valorados polas Hermandades como a principal fonte de ingresos coa que os gandeiros poderían afrontar o pago de impostos. No transcurso da Asamblea provincial de Hermandades de Pontevedra de 1947 preparatoria da 2.<sup>a</sup> Asamblea Nacional, os representantes da Hermandad de Tomiño presentaban unha moción que se repite con moita frecuencia, baseada no rexeitamento á contribución pecuaria pola primeira parella de gando da explotación. O argumento esgrimido neste caso para solicitar a supresión do imposto era o de que a xunta de bois debería ser entendida en Galicia como un instrumento de traballo: *Contribución pecuaria a la primera pareja -una barbaridad- 130 pesetas la yunta de ganado es lo equivalente al motor en Castilla*<sup>30</sup>. Nesta mesma liña, outra preocupación “clásica” das entidades sindicais vai ser a necesidade de facer fronte á prexudicial intervención dos intermediarios nas feiras e mercados gandeiros<sup>31</sup>. Un terceiro asunto, que tal vez poida parecer menor pero que concitaba reiteradamente as protestas das Hermandades pontevedresas, era o problema dos chamados “muiños de herdeiros”. Este non se pode dissociar dos dous anteriores (en especial da posición anticupos mantida polas H.S.L.G.). Os muiños de herdeiros eran muiños fariñeiros espallados por todo o territorio galego, chamados de herdeiros por seren aproveitados en común por un determinado número de familias campesiñas, que ás veces chegaban a máis de trinta, que gozaban dun dereito hereditario que pasaba de xeración en xeración, aproveitando directamente cada familia as horas que lle correspondían en


función dun sistema de quendas de molturación. Situados ó carón de pequenos regatos e leitos de rego, habitualmente en lugares de non moi boa comunicación e ás veces a distancias considerables dos núcleos de poboamento. Os seus usuarios outorgaban a estes muiños *construidos rudimentariamente, cuyo origen data de tiempo inmemorial* unha capacidade de molturación de trinta a corenta kg de millo ó día. O S.N.T. tamén fiscalizaba estes muiños de herdeiros, obrigando o maior de entre estes, o que denominaba *cabezalero* a levar un libro de rexistro do gran molturado, cun duplicado dos datos que lle tiña que ser remitido ó Servicio cada mes. No remate do ano o *cabezalero* tiña a obriga de desprazarse ata a capital provincial, á sede da Jefatura provincial do S.N.T. provisto do libro de rexistro e facer alí efectivo o pago do canon correspondente. Para as Hermandades isto era unha inxustiza por varias razóns: 1) Porque consideraban que estes muiños eran parte integrante da explotación agrícola, equivalentes ós apeiros de labranza e a calquera outro tipo de útil indispensable para a actividade agraria. 2) Porque crían que os gastos da viaxe á capital -para algúns *cabezaleros* a máis de 70 Km-, da estadía nela e o pago do imposto implicaban un volume de gasto superior ó valor da propia construción. 3) Polos problemas que lles supuña ter que levar *a ojo de buen cubero* un libro de rexistro ou máquila, dado que había un alto grao de analfabetismo entre moitos dos herdeiros encargados e outros non se sentían capacitados para *levaren tan innecesario como engorroso papeleo y tienen que valerse y pagar a personas que les*

*efectúan estos trámites*. 4) Porque nunca pagaran ningún tipo de contribución industrial por estes muiños. Por todo iso demandaban da administración que deixara os muiños de herdeiros fóra das disposicións en vixencia que se estaban a aplicar sobre os fariñeiros, industriais ou maquileros. As institucións responsables da intervención da produción non deberon ser moi receiptivas a estas demandas, se cadra porque este tipo de muiños, tan característicos do noso territorio, eran un bo cauce para converter parte do gran non declarado en fariña e introducila no mercado negro, se ben tampouco semella que os mecanismos arbitrados polo S.N.T. para o seu control fosen demasiado estritos<sup>32</sup>.

#### **PROBLEMAS RELACIONADOS COA PRODUCCIÓN VITÍCOLA E A INTERVENCIÓN DAS PATACAS**

No caso da produción de viño, os despropósitos da política de intervención económica van ter unhas características semellantes ás dos problemas vencellados ó fornecemento de pensos, adubos minerais, apeiros ou sementes seleccionadas polo Estado. No sector vitivinícola o gran problema vai ser a escaseza perpetua de sulfato de cobre, derivada de varios factores interrelacionados: a intervención da circulación e venda dos anticriptogámicos, o funcionamento dun mercado negro tamén de inputs agrarios e a constante práctica da adulteración por parte dos detallistas (problema para nada novidoso). Outravolta a prensa sindical -sen descartar nunca na súa análise os seus posicionamentos interesados- pode servírnos de guía a este respecto.

Principiaremos por explicar cómo funcionaba o sistema de



asignación ás Hermandades de sulfato de cobre. O primeiro paso a dar era a confección da declaración das superficies de viñado en metros cadrados que cada “afiliado” ás Hermandades posuía. Estas declaracións debían de contar co visto e prace dun vogal da Junta Agrícola Parroquial (lembrems o escalafón inferior á Junta Local Agrícola). Unha vez superado este trámite, a Hermandad local tiña que lle enviar á provincial a relación de metros cadrados totais de cultivo da vide no concello e unha lista anexa co desglose dos datos individuais, co obxecto de que os organismos responsables lles fixeran as adxudicacións pertinentes. O sulfato de cobre era subministrado ás Hermandades por medio da U.T.E.C.O. provincial, que facía as entregas á

Cooperativa del Campo que, necesariamente, debía existir en cada entidade sindical local –aínda que isto non era sempre así–. En ocasións atopamos chamamentos da Hermandad Provincial e máis adiante da C.O.S.A. ás Hermandades locais pola tardanza na remisión dos datos:

*... llamamos la atención de aquellas Hermandades que se retrasan en el envío de declaraciones, manifestándole que su tardanza en tal envío de datos puede perjudicarles y dificultarles la asignación*<sup>33</sup>.

Dúas eran as características fundamentais da distribución de sulfato de cobre na nosa provincia e en toda Galicia: a súa “pertinaz” escaseza, que non permitía en ningunha campaña cubrir as necesidades mínimas que requirían as viñas, e a dilación na

entrega destes escasos cupos, cos conseguintes e graves prexuízos para a viticultura provincial. As queixas dende a propia Organización Sindical agraria son un “lugar común” no decurso das sucesivas campañas agrícolas. As informacións das que dispoñemos para o ano 1949 permítennos facer unha reconstrución bastante exhaustiva da situación. Xa no mes de xaneiro, e ante as malas experiencias vividas en anos anteriores, a Asamblea Provincial de Hermandades, aprobaba unha conclusión pola que se facultaba ó presidente da C.O.S.A., o cura de Lérez Leandro del Río Carnota, a realizar as xestións necesarias para adquirir *con toda urgencia* un cupo de sulfato de cobre para o tratamento das vides, que non podería ser inferior a 1.200 Tm. A estimación

da cantidade mínima necesaria para aplicarles ás vides os catro tratamentos indispensables en función das peculiaridades climáticas (humidade da provincia) procedía da consideración da superficie provincial deste cultivo e de multiplicar cada metro cadrado de viñado por oito gramos de sulfato de cobre.

A actuación do presidente da C.O.S.A., que xa coñecía ben o traxecto do ferrocarril entre Pontevedra e Madrid e que aproveitou as súas frecuentes viaxes á D.N.S. para saír elixido neste mesmo ano de 1949 procurador en Cortes, ó parecer, nesta ocasión deu resultado e retornou coa promesa de que a adxudicación de sulfato daquela campaña se faría dentro do mes de abril. Pero polo que informa "AGRO", no mes de xullo dese mesmo ano aínda non chegara a segunda partida de sulfato e a primeira entrega, a de abril, non alcanzara nin a metade das necesidades mínimas para garantir un tratamento axeitado das videiras. É dicir, as 1.200 Tm solicitadas non chegaron nin a 600, e era máis ca probable que non houbera máis adxudicacións ese ano. Isto explica que as xerarquías da provincia afirmaran:

*... gracias a Dios, solamente a Él, la impresión que existe es la de que este año tendremos una magnífica cosecha de vino. Ello, repetimos, será una gran merced que el cielo nos hace, a pesar de nuestro al parecer, deliberado propósito de abandonar una producción que si bien es cierto que no es la típica y característica de la provincia, no hemos de dudar que constituye un considerable capítulo de nuestra economía agrícola*<sup>34</sup>.

Estas minguadas adxudicacións de anticriptogámicos non servirí-

an para case nada se chegaban coa habitual demora:

*Existe verdadera inquietud entre los agricultores-ganaderos de nuestra provincia ante la tardanza de adjudicárseles el cupo de sulfato de cobre para el tratamiento de los cultivos de vid. Es costumbre en nuestra región dadas sus especiales características climatológicas comenzar dicho tratamiento, lo más tarde, en la primera quincena del mes de abril y esto no es ignorado para nadie, dado que en los calendarios fitopatológicos se incluye el sulfato de las viñas como tratamiento de primavera. Si no se comienza estos tratamientos en el indicado periodo, nos expondremos a que no se saque de ellos el provecho debido. Efectivamente este año existe la posibilidad de que el sulfato llegue a nuestro poder con retraso, ya constituye un grave problema el que, tan avanzada la temporada, todavía no se haya puesto a nuestra disposición la partida complementaria del citado anticriptogámico.*

As situacións de escaseza e necesidade perentoria de sulfato de cobre levaban á busca de solucións orixinais e a maximizar por todos os medios os poucos recursos dispoñibles. Así, o enxeñeiro agrónomo e director da Estación de Fitopatoloxía da Coruña, Pedro Urquijo Landaluce, ante a máis que probable posibilidade de que 1949 resultara un ano extraordinario para o desenvolvemento do mildiu, tanto nas videiras coma nas pataqueiras, e, coñecedor da desesperante carencia de sulfato, recomendáballes ós labregos a través de "AGRO" o emprego das fórmulas máis reducidas en cobre, que deran un mellor resultado nos ensaios que a Esta-

ción estaba a realizar dende o ano 1945, é de supor que como consecuencia da escaseza estrutural de sulfato de cobre na posguerra<sup>35</sup>.

De calquera xeito, as altas xerarquías do sindicalismo agrario provincial non estaban dispostas a pasar por un posible desgasto do seu prestixio e da súa hexemónica posición socio-política sobre os labregos e sobre o control dos recursos na provincia (que non sobre as decisións da política agraria), como resultado da desesperada situación. Á mínima posibilidade deixaban ben ás claras que eles non podían facer máis do que facían e que non tiñan ningunha responsabilidade directa na escaseza de subministrados:

*Es necesario añadir, que nuestras jerarquías no han descansado un momento en la consecución rápida de volumen total a distribuir en la provincia. Todas las demoras que se observan son ajenas a nuestro interés sindical al servicio siempre atento a cualquier problema. En este particular; nuestras Hermandades han hecho todo lo humanamente posible. Ellas, tenedlo presente, no pueden repartir lo que no tienen. Y dieron para la primera mano y para la segunda y darán para las demás lo que de este anticriptogámico les va llegando, con pleno espíritu de equidad. La realidad es esta, tan sólo esta, querido labrador, ou: Y claro está que si a nuestras Cooperativas no se les entregan los cupos en la totalidad y a su debido tiempo, estas no pueden hacer otra cosa que entregar lo que reciben y en el momento que lo reciben*<sup>36</sup>.

Mesmo nalgunha ocasión, os cargos sindicais, neste caso Luis Guillán Fojo, xerente da Unión Territorial de Cooperativas del

Campo (U.T.E.C.O.) de Pontevedra, no transcurso dunha entrevista para a prensa sindical, salientaba o beneficiosa que resultara para os encadrados a actuación das entidades sindicais: *Indudablemente, solamente con la operación del sulfato de cobre hemos ahorrado a los viticultores de nuestra provincia 38 millones de pesetas, porque puedes tener por seguro que si la Unión Territorial no realizara los esfuerzos suficientes para la adquisición de todo el sulfato que se ha necesitado durante la actual campaña, el existente en el mercado negro se pagaría a 30 ó 40 pesetas el Kg., pagándose por el contrario en nuestras Cooperativas a 4 pesetas la citada unidad.*

Precisamente o retraso no fornecemento ós labregos das cantidades de sulfato que requirían, provocaba un escenario ideal para a intervención dos estraperlistas, que aproveitaban a crítica situación de moitos labregos, temerosos da perda das súas colleitas, para introduciren no mercado negro sulfato de dubidosa pureza a altos prezos. Eles eran considerados polos líderes das Hermandades como principais inimigos dos agricultores e das propias entidades, porque en certo sentido, a necesidade de recorrer ó mercado negro para dotarse de determinados inputs era outra mostra máis do fracaso das Hermandades nunha das súas principais misións. Da documentación consultada tírase ás veces a sensación que no período de tempo que vai entre a asignación dunha determinada cantidade de sulfato para atender as necesidades da provincia e a chegada dos cupos ós labregos, perdíanse cantidades polo camiño que, seguramente, acababan por se comercializar no mercado

negro. Pese a que dende a prensa sindical se atacaba os *agiotistas, straperlistas e logreros de toda clase* cualificándoos de aves de rapiña, negociantes sen conciencia, etc., é moi posible que os diversos cargos sindicais (das Cooperativas e Hermandades provinciais e locais) sacaran proveito das responsabilidades que sobre a distribución dos cupos tiñan, desviando cantidades cara ó mercado negro<sup>37</sup>. Por outra parte, no discurso da Organización Sindical Agraria, existen ás veces acusacións veladas a empresas privadas de participaren nestes circuitos comerciais ilegais. Así, dende "AGRO" os xerarcas sindicais non se poden explicar cómo mentres a eles non lles chegan as cantidades asignadas, a casa C.R.O.S.S. da Coruña pode permitirse poñer anuncios na prensa ofertando cantidades elevadas do devandito anticripto-gámico<sup>38</sup>.

Respecto ós problemas polos que pasou Galicia durante a década dos 40 a produción de patacas, tanto para o consumo coma de semente, estes non difiren demasiado dos que temos visto para o resto de producións, se ben é certo que se identifican principalmente co mesmo tipo de situacións creadas pola intervención dos cereais. Coma de costume, comezaremos por describir brevemente de qué modo funcionaba a imposición dun sistema de cupos de entrega forzosa sobre o produto que arestora nos ocupa. Os labregos tiñan que declarar a superficie que sementaran para dedicarlle a este tubérculo e os concellos debían colaborar coa Comisaría General de Abastecimientos y Transportes e coas institucións desta dependentes nas operacións de reparto de cupos entre os veci-

ños. Estes cupos de entrega forzosa depositábanse en almacéns colaboradores autorizados pola C.G.A.T., estando obrigados tamén á entrega neles da produción excedente ó cupo. Ó igual que para os cereais, existían uns prezos de taxa para as patacas que, por exemplo en xullo de 1945, eran de 0'75 pesetas/kg no caso da pataca de consumo. A principal novidade era a existencia de entidades intermediarias entre os produtores e os consumidores, as Centrales Reguladoras de Productos Agrícolas (C.R.E.P.A.S.) e as O.R.A.P.A.S. que detentaban o monopolio da recollida, almacenaxe e venda ó público das patacas a través dun sistema de almacéns asociados. Foron varias as queixas que esta nova manifestación da política de intervención provocou nos organismos sindicais agrarios, ata chegar estes a finais dos anos 40 a solicitar sen recato ningún a fin da política de intervención tanto sobre a pataca para o consumo coma para a sementeira. Entre eles estaba a solicitude de prezos máis altos para a pataca que vendían os labregos, estendéndose a este cultivo unha queixa análoga a doutras producións agropecuarias. As Hermandades lamentaban amargamente que, a diferenza do que pasaba coas producións industriais, cos produtos do campo, nunca se lles consultaba ós labregos sobre aspectos como a determinación de prezos, as marxes de utilidade ou os custos de produción en adubos, insecticidas e xornais. Moito máis interese semella ter a preocupación que as altas esferas sindicais, neste caso Diego Aparicio López, secretario da Junta Nacional de Hermandades, mostraban polo desfase entre os prezos de venda da pataca ós

consumidores urbanos e o que se lles pagaba ós produtores. Para el, habería que mellorar os prezos de taxa á alza non tanto pola vía de recargar os de venda ó público, senón pola de suprimir e simplificar os trámites de recollida e venda da pataca. Isto significaba un ataque frontal ó monopolio das C.R.E.P.A.S. e das O.R.A.P.A.S., explicable tamén polo desexo de dotar dun meirande protagonismo ás C.O.S.A. nestes labores de recollida e comercialización. A seguinte cita resume bastante ben o espírito destas reivindicacións:

*Las Hermandades y Cámaras han adquirido ya la suficiente organización para realizar directamente las campañas de recogida, pudiendo llegar hasta la colocación del producto en los principales centros de consumo...*

*Se adopta por unanimidad la decisión de solicitar se conceda a las Cámaras Oficiales Sindicales Agrarias y Hermandades locales la facultad de recoger la patata suprimiendo los actuales privilegios y exclusivas. En todo caso deben desaparecer las asignaciones de cupos a los almacenistas, dejando en libertad esta facultad para que los agricultores puedan en todo momento vender el artículo a través de los Servicios Económicos de la Hermandad, o eligiendo a los intermediarios que en cada caso interese. De todas formas, las Hermandades y las Cámaras han de tener la categoría de almacenistas, pudiendo organizar la recogida del producto y su venta según las cantidades y las fechas que señale la Comisaría de Abastecimientos<sup>39</sup>.*

Como vemos, o sistema de intervención non se estaba a cuestionar o 100%, ó intentar, basicamente, cambiar o predomínio dun organismo por outros (as

Hermandades e C.O.S.A.) na xestión do control e comercialización da colleita<sup>40</sup>. Con todo, consciente ou inconscientemente estábanse a propoñer pasos claros cara á liberalización do sector e a unha máis directa relación entre produtores e mercado.

Coma tantos outros, o problema da intervención da pataca non afectaba só ó noso país, senón que temos testemuños das queixas procedentes doutras zonas produtoras do Estado. Unha das máis interesantes, pola súa contundencia é a exposta por unha das conclusións do Congreso Sindical Agrario do Cantábrico de 1949, que implicaba unha crítica esmagadora ó sistema intervencionista e que a pesar da súa lonxitude paga a pena reproducir neste lugar pola súa expresividade:

*las actuales CREPAS y ORAPAS constituyen unos monopolios que irogan graves perjuicios al productor, al consumidor y a la Economía Nacional. Son muchos los vagones que se pudren anualmente por distintas causas, todas ellas imputables a dichos Servicios y al intervecionismo y estas pérdidas van contra el productor, a quien no se recogen a tiempo las patatas, contra el consumidor, en quien repercuten indudablemente las pérdidas sufridas y, sobre todo, contra la Economía Nacional. Tiene la patata su límite de conservación y no admite el almacenamiento a largo plazo, por lo que no vemos la necesidad de su intervención, pues quedando libre, estaría más abundante, llegaría en mejores condiciones y más barata, al suprimir tanto intermediario. Esto en cuanto a la de consumo, por lo que respecta a la de semilla, llega a las zonas deficitarias casi siempre tarde, escasa y no en muy buenas*

*condiciones, además de tener unos precios que no guardan proporción con lo que se abona al productor. Con la libertad propugnada se evitarían muchas murmuraciones, no desprovistas de fundamento.*

Para o caso galego, temos o 1º Congreso Sindical Agrario celebrado en Santiago de Compostela entre os días 8 e 11 de setembro daquel ano, como preparación previa á 3ª Asamblea Nacional de Hermandades. Nesta xuntanza houbo un relatorio dedicada especificamente ás condicións de produción da pataca, que levaba por título un diáfano: “Conveniencia de la libre circulación de la patata en la región gallega” e fora elaborada nada menos que por Enrique M.<sup>a</sup> Santos Bugallo, daquela xerente da Unión Territorial de Cooperativas del Campo da provincia da Coruña e dirixente histórico do social-catolicismo galego de preguerra<sup>41</sup>. O dirixente sindical coruñés presentaba unha postura de oposición case total á intervención da pataca baseándose en que, para o caso galego, non resultaba demasiado lóxico intervir un produto no que a produción era inferior ó consumo, creándose, en moitas campañas agrícolas unha situación de déficit que obrigaba á importación, tanto nacional coma exterior, de importantes continxentes de pataca. Para o relator:

*si hay déficit es injusta, impolítica y antieconómica la intervención de la patata, ..., porque si la producción es inferior al consumo indígena es injusta toda entrega de cupo forzoso, e de feito consideraba que para aumentar la producción, la intervención no es sólo un estímulo, sino que es un perjuicio y un estorbo. Prueba de ello es que,*

*en las épocas buenas, la patata está en el mercado negro a precio inferior al de tasa.*

O autor estimaba a intervención da patata como un caso extraordinariamente grave pola forte dependencia alimentaria (tanto para a mantenza familiar coma para destinala a penso para o seu gando) que a poboación rural galega mantiña respecto deste produto e propuña unha serie de medidas correctoras que tamén incluían a patata de semente: 1º deixar o cultivo da patata en absoluta liberdade de circulación dentro de Galicia; 2º regular e limitar calquera posible abuso respecto das importacións de patata; 3º se non fose posible instaurar unha liberdade de produción total, e de manterse polo tanto o sistema de entrega de cupos de produción forzosa, este quedaría limitado a unha media de 50 kg por produtor, outorgando a distribución dos cupos ás C.O.S.A.; 4º polo que facía á patata de semente, esta debería de poder recibirse con tempo suficiente, sinalándose con antelación variedades e ciclos dispoñibles e dedicando un maior esforzo ó seu proceso de selección.

Como vemos, os argumentos existentes en contra da intervención deste tubérculo resultaban significativamente coincidentes en diversos ámbitos sindicais. Non queremos deixar de mencionar que, tanto para o caso da agricultura provincial coma do conxunto da galega, as perturbacións ocasionadas pola intervención de patacas e millo resultan especialmente dolorosas se temos en conta o labor pioneiro que desenvolveran nos inmediatos anos ó estourido da guerra civil, en especial entre 1930 e 1936, a “Misión Biológica

de Galicia”, conducida por C. Gallástegui e o “Sindicato de Productores de Semillas” a ela asociado e que tiña por ideal levar á práctica agrícola real as investigacións da Misión<sup>42</sup>.

Circunstancias similares ás da intervención das patacas déronse para toda outra serie de producións, en especial para leguminosas coma as fabas, os feixóns, os guisantes, garbanzos,... que frecuentemente aparecían asociadas ás patacas nas circulares e disposicións da C.G.A.T. Non temos espazo nin, sobre todo, informacións dabondo para poder afondar nos problemas derivados da súa intervención, se ben cremos que moitas das afirmacións que viñemos facendo lles poderían ser aplicadas.

Ata aquí propuxémonos caracterizar a evolución de diferentes subsectores agrarios afectados pola política de intervención económica durante a década dos 40. A pesar de que a suma de casos, en moitos aspectos moi semellantes, pode proporcionar unha imaxe de conxunto bastante fiable das dificultades e incoherencias polas que pasaba o sector agrario, non queremos deixar de reproducir algúns diagnósticos globais que, dende os medios técnicos e sindicais, se enfrontaban moi abertamente, máis do que cabía sospeitar nun “réxime autoritario de pluralismo limitado” ás liñas mestras da política económica. As dúas que nos pareceron máis significativas corresponden ó ano 1949. A comezos daquel ano, “CAMPIÑA”, o voceiro das Hermandades da provincia da Coruña, facía un diagnóstico moi cru da situación pola que pasaban os labregos galegos:

*Durante meses venimos dando una información veraz sobre el*

*desenvolvimiento de los mercados y las ferias de la provincia y cotizaciones de los diferentes productos agrícolas. Si tenemos en cuenta que nuestros campesinos son deficitarios de aquellos que alcanzan las máximas cotizaciones, y producen con exceso de sus propias necesidades aquellos en que la baja se ha acentuado más, se comprenderá que las modestas economías agrarias de una región en la que el minifundio alcanza su mayor límite, tienen que resentirse gravemente. Nuestros labradores no tienen más fuentes de ingreso que algunos productos que han sufrido tan rudos golpes como la carne, la madera, los cerdos de cría, etc. Carecen en absoluto o reciben en cantidades mínimas aquellos otros que como los piensos, abonos, anticriptogámicos, semillas seleccionadas y otros elementos de producción le son necesarios; tienen que soportar cargas que representan sacrificios heroicos como la entrega de cupos forzosos de aquellos productos que producen por debajo de las exigencias mínimas de sus hogares y explotación agraria; ciertas importaciones les hacen competencia ruinosa y, por sí no bastase, recargos periódicos de contribución e impuestos del Estado y la implantación de exacciones municipales indirectas, vienen a apretar aún más el dogal que les asfixia, ... La economía agraria española no podrá soportar mucho más tiempo semejante situación.*

Pero a crítica máis esmagadora que atopei entre a documentación ata agora consultada no marco galego procede dun relatório do Congreso Sindical Agrario de Galicia celebrado en Compostela en setembro de 1944 como preparación para a 3.<sup>a</sup>

Asamblea Nacional de Hermandades. En concreto levaba por título “Hacia el cese de la intervención de los productos del campo” e o seu autor era un técnico agrónomo, o xefe do Servicio Provincial de Ganadería de Ourense, José Romagosa Vilá. O feito de procederen as críticas dun técnico da administración agraria do Estado, en concreto dependente do Ministerio de Agricultura, penso que lles dá aínda bastante máis contundencia e respectabilidade que as críticas presentadas polos líderes das Hermandades.

En palabras de Romagosa Vilá: *nuestro sistema intervencionista tiene su principal defecto en que es meramente fiscal y enormemente caro. Exigir, controlar, distribuir, inspeccionar es su única misión. Es un sistema agotador y estéril, por eso se ha hecho francamente impopular en todo el campo gallego.* O relatorio enumeraba os seus principios desafortunados:

- a) *por la manera de llevar a la práctica las medidas conducentes a toda intervención (declaraciones, cupos, control y fijación de precios, corrientes comerciales, etc...) ha perturbado radicalmente la marcha de nuestras tradicionales ferias y mercados, disminuido la calidad de los productos agrícolas y ganaderos, y aún obligado a la importación de algunos, lo que repercute en la disminución de los ingresos de nuestros agricultores y daña gravemente a la economía nacional.*
- b) *Ignoró la inviolable ley de la oferta y la demanda con la que los hombres no pueden enfrentarse,... Señalar cupos de entrega, fijar precios aún*

*antes de que los productos hayan sido sembrados y desconociendo los resultados de unas cosechas todavía inseguras, es a todas luces actuar no sólo contra la ley natural, sino contra el más elemental sentido común.*

- c) *La realidad ha puesto en múltiples casos en evidencia los fallos de nuestro sistema intervencionista: a cosechas pobres, suministros insignificantes y precios astronómicos en el mercado negro; buenas cosechas, y se pueden adquirir en el mercado libre diversos artículos a precios inferiores a los fijados oficialmente. Tanto en un caso como en otro nada tienen que agradecer al intervencionismo económico.*
- d) *Otro inconveniente es el excesivo trámite burocrático a que está sometido nuestro labrador. Continuamente le hace ir y venir a las oficinas públicas para confección de declaraciones, impresos, censos, entrega de cupos, ... creando en el campesino una manifiesta impopularidad hacia todo lo administrativo, aumentando su desconfianza hacia todo lo que signifique papeleo, estadística y aún alejándose de actos beneficiosos como concursos de ganado y cursillos de divulgación que organizan las entidades sindicales agrarias, ...*
- e) *Todo ello nos lleva a no omitir otro corolario de la política intervencionista: creación excesiva de funcionarios adscritos a múltiples servicios, que forzosamente han de vivir a expensas del productor y el consumidor; montaje y sostenimiento de oficinas que significan una pesadísima carga para la economía nacional.*

O relatorio de Romagosa, unido ós dous presentados por Enrique Santos Bugallo na mesma dirección, sobre “La libertad del maíz” y “Libre circulación de la patata”, motivaron que nos actos de clausura do Congreso, o seu presidente, o gobernador civil e xefe provincial de o Movimiento da Coruña, Hierro Martínez, considerara, dirixíndose ós labregos ornamentais alí congregados, *que Yo creo que veréis satisfechas vuestras necesidades y aunque es cierto que hay algunas conclusiones atrevidas, encajan perfectamente dentro de los principios del Movimiento*<sup>43</sup>.

Non deben sorprendernos estas *conclusiones atrevidas* no marco dun congreso sindical agrario regional, xa que de feito as críticas á política intervencionista chegaran mesmo –aínda que sempre nun ton máis moderado– ás tres asembleas nacionais de labradores e gandeiros desenvolvidas en Madrid ó longo da década<sup>44</sup>. Pero, coma na Coruña, sempre estaban os máximos cargos políticos para minimizar as críticas e acomodalas perfectamente ó espírito do sistema. De calquera xeito, a miña opinión sobre estas reivindicacións, por moi directas que sexan, sempre van entrar no campo do que se podería chamar “conflictividade institucional controlada” sen esbozar nunca, fronte ás dúbidas de Christiansen (1999), un ataque ó réxime político como tal. Así, nunhas declaracións inmediatamente posteriores á celebración en outubro de 1946 da 1.<sup>a</sup> Asamblea Nacional de Labradores y Ganaderos, o delegado nacional de Sindicatos, Fermín Sanz Orrio, resposta á cuestión:

*Entre otros problemas enunciabas el de la intervención de las Hermandades en el sistema de*



*cupos y distribución de los productos agrícolas, ¿qué criterio tienen las Hermandades a este respecto? do seguinte xeito: No mantienen una actitud negativa de crítica demoledora. Pretenden señalar los defectos que pueden presentarse siempre de carácter circunstancial, sin abandonar en ningún momento la colaboración con el Estado, cumpliendo sus instrucciones y contribuyendo mediante un trabajo cada vez más intenso de sus afiliados a que los productos agrícolas sean suficientes para la alimentación de todos los españoles.*

Resúltame complexo compaxinar esta declaración de perfecta ortodoxia política e fe nos principios do produtivismo a ultranza coa morea de situacións que acabamos de ver máis arriba.

**CONFLICTOS INSTITUCIONAIS NA ESCALA LOCAL. HERMANDADES E SINDICALISTAS VS ALCALDES E CONCELLOS RURAIS. A LOITA POLO CONTROL DUNS RECURSOS DEMASIADO ESCASOS**

Os roces e conflitos xurdidos entre entidades sindicais locais e concellos, polo menos no que as fontes nos indican, teñen que ver co control da fiscalidade municipal. Para comprender mellor este tipo de problemas temos que valorar que os concellos rurais non debían pasar por unha situación precisamente cómoda no aspecto orzamentario durante a posguerra e isto levaríalos cara a unha acentuación da presión fiscal. A experiencia achegada polo réxime económico das Hermandades locais e dalgunha C.O.S.A. provincial durante estes anos, con constantes dificultades para cobrar o cupo dos seus afiliados, para poder facer fronte ós prazos dos préstamos concedidos polo Servicio Nacional del Crédito Agrícola ou mesmo para contri-

buír coas achegas obrigatorias ó mantemento dos seus organismos superiores (C.O.S.A., Junta Nacional de Hermandades, ...) pode ser dalgún xeito proxectada cara á vida económica dos concellos nos que se achaban situadas.

De modo reiterativo durante a segunda metade da década dos anos 40, o punto de frición terá que ver coa elaboración dos amillamentos. O termo fai, en puridade, alusión ó procedemento de valoración dos bens para repartir a contribución entre os veciños dun concello. Aínda así, na documentación consultada é empregado con equivalencia a “contribución territorial” ou “contribución rústica”. A forte atomización das propiedades no mundo rural galego, especialmente nas provincias meridionais, facíalles ós concellos tremendamente complicada a elaboración dos datos que permitisen a fixación da cantidade que por contribución rústica tería que afrontar cada un dos seus veciños. Por iso resultaba moi frecuente o feito de que as corporacións municipais decidisen contratar os traballos de amillamento con axencias de negocios ou particulares que se presentaban como especialistas na materia e ós que as Hermandades acusaron a cotío de ter un desmedido afán de lucro. Estes axentes cargaban os veciños cos gastos que ocasionaba a confección dos amillamentos:

*... contratistas que no hicieron más que recoger las declaraciones del contribuyente, percibir tres pesetas más o menos por cada declaración y un tanto por ciento por cada área declarada, repartiendo la contribución sobre estas personas que presentaron declaraciones sin comprobar si estas correspondían a la realidad*

*o no en extensión y en clase de cultivo, y sin preocuparse de buscar las hectáreas señaladas por el Servicio (do Catastro de Rústica) a cada parroquia<sup>45</sup>.*

Un dos grandes cabalos de batalla (da “batalla do amillamento, como significativamente a cualificaban os medios sindicais) das Hermandades nestes anos foi impediren esta exacción directa os axentes contratados dun servizo que a lexislación estipulaba que tiña que correr a cargo dos propios concellos (ordenes-circulares da Dirección General de Propiedades y Contribución Territorial de 14 e 28 de maio de 1943).

Este problema non era un detalle menor, dado que catro anos despois (1949) de conseguiren o teórico recoñecemento da súa postura, as entidades sindicais locais repetían as súas queixas nos mesmos termos; pero creo que é posible afirmar que non era máis cá punta do iceberg dun conxunto de serios desacordos en materia fiscal. En moitas ocasións as Hermandades amosáronse en franca discrepancia cos resultados non só dos datos extraídos do amillamento senón tamén das rectificacións que con frecuencia os concellos se vían obrigados a levar a cabo, solicitadas polos veciños ou polas propias Hermandades. Así por exemplo entre as conclusións da Asamblea provincial de Hermandades de 1949, unha, a novena dedicábase a “amillamentos, contribución rústica y cuota sindical agraria”:

*Insistir ante el poder público para que teniendo en cuenta los defectos del amillamiento llevado a cabo en nuestra provincia, se suspenda la vigencia del mismo y se amplie el plazo para los términos municipales en que aún no ha*

*sido aprobado, dando normas para que esta rectificación se lleve a efecto con todas las garantías necesarias para el logro del fin propuesto, ou La rectificación que se ha llevado a cabo en los Amillaramientos para el pago de la Contribución Territorial se ha efectuado de modo caprichoso e injusto, ...*<sup>46</sup>

Para as Hermandades os defectos técnicos (de detrás dos que con probabilidade se agachaba unha intencionalidade política en moitos casos) tiñan como consecuencia que os agricultores que declaraban o montante das súas propiedades de boa fe acababan por pagar a contribución de todos aqueles que ocultaban riqueza no momento da declaración, de tal xeito que vían a súa contribución recargada, segundo os medios sindicais en ata un 300%<sup>47</sup>.

Pero tamén existían os xa clásicos problemas de competencias entre concellos e Hermandades, pois estas afirmaban que:

*las funciones encomendadas a las Hermandades, se lleven a la práctica en forma rotunda sin los inconvenientes que le ofrecen algunos organismos oficiales, como concretamente ocurre en la provincia de Pontevedra con las integraciones agropecuarias, amillaramientos, etc.*<sup>48</sup>

As Hermandades mantiñan un mesmo contencioso cos concellos e coa Dirección General de Propiedades y Contribución Territorial a dous niveis distintos. Por un lado solicitaban, apelando ás atribucións que lles confería a Orde da Presidencia do Goberno de 23/3/1945, que todas as operacións destinadas a conservar, revisar e certificar os amillaramentos foran levadas a cabo pola Junta Pericial local encadrada na súa correspondente H.S.L.G. Pero

as súas reivindicacións non remataban aí e desexaban tamén a integración no seo da organización sindical agraria da provincia das Juntas Provinciales del Amillaramiento. O argumento empregado era cando menos cándido, xa que aducían que se as Juntas Periciales locais quedaban integradas mellorarían as relacións cos outros servizos técnicos encargados de realizar estes labores fiscais e mesmo se chegaría por fin á desexada creación das Juntas Parroquiales que ían respostar moito mellor ás condicións específicas das provincias galegas e de Asturias.

Tamén se posicionaron as Hermandades fronte ás revisións á alza das táboas de valores empregadas para gravar os produtos de rústica e pecuaria, revisións que, sempre na súa opinión, poderían chegar a elevar nun 200% a presión fiscal sobre os labregos, solicitando ó tempo que se esta actualización das táboas de valores fose levada a cabo, deberían eliminarse, cando menos, os impostos de utilidades municipais (os consumos). Esta protesta, se ben recorrente, é máis clásica e ten, na miña opinión, menos trascendencia cá anterior.

A decoración cambiaba cando, tal vez como resultado da capacidade de presión dos representantes do tercio sindical no concello, ou do feito de coincidiren nunha única persoa os cargos de alcalde e prohomo da Hermandad local, os concellos *facían ben as cousas*. Así como exemplo podemos citar o seguinte titular de portada dun número de "AGRO":

*El excelentísimo ayuntamiento de Pontevedra realiza el amillaramiento de forma ejemplar. Así se desprende de las declaraciones del Sr. Alcalde D. Calixto*

*González Posada*" ou "*Algunas Corporaciones municipales, identificadas con las Hermandades han abordado la solución de este grave problema de la rectificación de los amillaramientos (léase Forcarey, Salceda de Caselas y algún otro que no recordamos) conscientes de la importancia que entraña*<sup>49</sup>.

En conclusión, a dinámica do problema variaba en función do equilibrio de forzas entre concello e Hermandad en cada unha das localidades. É facilmente explicable esta loita de atribucións porque unha posición de dominio permitiría favorecer os intereses da oligarquía local e dos seus "clientes" e amigos.

Nunha liña moi similar, atopamos a disputa, xa apuntada no comezo do texto, polo control das Juntas Locales Agrícolas e das Juntas Locales Pecuarias, habitualmente refundidas nunha soa "Junta Local Agropecuaria".

A "Orden de la Presidencia del Gobierno de 23 de marzo de 1945" dispuxo o traspaso de determinadas atribucións ata daquela en mans dos concellos (Servicio de Policía Rural, Junta Local Agrícola e Junta Local Pecuaria) ás Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos. Ó parecer, esta orde non foi demasiado ben acollida por moitos dos alcaldes de pequenos concellos rurais centrados absolutamente, polo que facía á súa economía, nas actividades de tipo agropecuario. Esta perda de influencia e control sobre a actividade dos veciños provocou fenómenos de resistencia por parte das alcaldías ó traspaso, de tal xeito que para normalizar a situación foi necesario:

*reiterar en repetidas ocasiones las órdenes pertinentes, ... e ... en numerosas ocasiones se plantea-*

*ron problemas entre estos (os alcaldes) y las Hermandades, procurando dificultar su labor, en vez de prestarles el apoyo que debieran, máxime teniendo en cuenta la doble condición de alcalde y Jefe local (do Movimiento) coincidente en numerosos casos. Se creo un ambiente desfavorable para la Hermandad, alegando lo innecesario de su constitución y su ineficaz actuación futura, lo que motivó innumerables retrasos en el resurgir de estas Entidades en los pequeños pueblos agrícolas...*<sup>50</sup>.

Paco Alejandro R. de Valcarcel, xefe provincial do Movimiento e gobernador civil de Burgos en 1949, as situacións conflitivas que se produciran entre concellos e Hermandades locais non tiñan tanto que ver coa loita polo dominio sobre determinado tipo de competencias –idea coa que non podemos estar de acordo– como con desavinzas persoais derivadas de intentos recíprocos de intromisión dos alcaldes e dos xefes e secretarios de Hermandad en cuestións privativas das corporacións municipais ou dos sindicatos. Probablemente, ambos factores, os roces persoais e a loita por controlar os recursos, alimentaban os conflitos<sup>51</sup>. Para atallar estas situacións, as altas xerarquías do Movimiento consideraban necesario chamar a atención dos gobernadores civís/xefes provinciais do Movimiento para que convenceran e mesmo lles impuxeran ós alcaldes e os xefes locais do Movimiento a colaboración coas Hermandades, co propósito de incrementar o prestixio destas diante da poboación rural, considerando que unha boa xestión dos problemas agropecuarias tamén revertiría positivamente na valoración dos concellos por parte dos seus veciños.

Un determinado tipo de funcións comunais convertéronse tamén nun punto de discordia entre as Hermandades de Labradores y Ganaderos e a administración municipal. Estamos a nos referir á apertura, reparación e conservación de camiños rurais e mais os dereitos de tanteo nas poxas para o arrendamento dos montes catalogados como de utilidade pública que administraban os concellos. No caso dos camiños, a disputa amplificouse pola confusión que toda unha serie de medidas legislativas introduciran ó respecto. A devandita Orde de la Presidencia del Gobierno de 23 de marzo de 1945, no apartado a) do seu artigo 23, adxudicaba ás H.S.L.G. este cometido ó tempo que as autorizaba para esixir a prestación persoal –en traballo– dos seus afiliados. Pero pola súa banda, unha orde algo posterior (18/1/1949) da Secretaría General del Movimiento, superpoñía os concellos ás Hermandades no sentido de que a actividade destas na apertura e conservación de camiños rurais tería que ser aprobada pola Corporación municipal, que podía elixir entre delegar na Hermandad do seu termo municipal ou executar a obra por si mesma. Ó parecer, a proliferación de legislación ó respecto provocou unha situación de forte indefinición que desembocou non só en disputas, senón tamén en casos de falla de iniciativa institucional (cedéndolle a responsabilidade á outra institución) que realmente ían en detrimento de veciños e de “afiliados”.

A obrigatoriedade da prestación persoal en traballo por parte dos “afiliados” á Hermandad que se beneficiaran da obra en cuestión, tamén trouxo os seus problemas de interpretación. Coa desculpa

de que eles nunca se afiliaran voluntariamente á Hermandad ou polo feito de que os deran de baixa na entidade, moitos labregos conseguiron eludir a devandita prestación. Para solucionar tal problema cabían dúas opcións: a) facer recaer a responsabilidade deste tipo de obras tan só nos concellos, dos que todos os interesados eran veciños, o que garantía a posibilidade de forzalos a ceder a súa forza de traballo, ou b) modificar a Orde de marzo de 1945 no sentido de facer o encadramento/inscripción dos labregos na súa Hermandad obrigatorio e universal, para que non coubera ningún tipo de ambigüidade ó respecto<sup>52</sup>.

O outro que apuntabamos estivo relacionado co aproveitamento de pastos pertencentes ó patrimonio municipal ou do Estado pero administrados polos concellos. Para as Hermandades era un problema a suba constante das cantidades polas que os concellos arrendaban estes pastos, localizados en montes catalogados como de utilidade pública. Estes incrementos tiñan que ver coas constantes necesidades de numerario das corporacións municipais. As H.S.L.G. solicitaban que nas poxas de arrendamento se lles concedera o dereito de tanteo. É dicir, sempre e cando a Hermandad local igualase a mellor oferta presentada na poxa de arrendamento se lle aplicaríase un dereito preferente na explotación dos pastos.

Xa por último constatamos conflitos entre “afiliados” ás Hermandades e produtores agropecuarios en xeral e funcionarios dependentes das administracións municipais. Os máis habituais substanciáanse cos inspectores municipais veterinarios por cuestións coma a obrigatoriedade de

pagar un imposto polo concepto de tránsito de gando, que nalgúns lugares de Castela chegaba ata as catorce ou quince pesetas por cabeza de gando cabrío ou lanar, a obrigatoriedade de participar nas feiras de gando provistos de guías sanitarias, o pago das comprobacións hixiénico-sanitarias feitas ás bestas durante as transaccións levadas a cabo en feiras e mercados, etc.<sup>53</sup>

### CONSIDERACIÓNS FINAIS

A estas alturas, a investigación histórica sobre a ditadura en xeral e sobre a súa política agraria en particular avanzou dabondo como para desbotar definitivamente a idea dun “bloque de poder” con intereses agrarios monolíticos que estaban ó servizo unicamente dos grandes terratenentes ameazados pola pantasma da Reforma Agraria da 2ª República. As páxinas anteriores trataron de demostrar que dentro do conxunto de institucións políticas e administrativas, entidades sindicais, organismos autónomos, técnicos agronómicos, etc. vencellados á política agraria, existiron durante a posguerra –e despois– sensibilidades moi diferentes respecto da elección dunha determinada política económica aplicable no sector agrario.

O criterio que habemos de empregar preferentemente para analizar estes comportamentos debe ser o de *territorial*. Houbo diferenzas moi fortes entre a actuación do nivel local-provincial da administración agraria, das entidades sindicais e dos cargos políticos (alcaldes, xefes locais do movemento, gobernadores civís, presidentes das deputacións provinciais,...) e os seus correspondentes, e xerarquicamente superiores, organis-

mos estatais. Os alcaldes, os promohomes, secretarios e cabidos das H.S.L.G., os cargos directivos das Hermandades provinciais e posteriores C.O.S.A.,... mantiveron posturas e levaron á práctica accións abertamente contrarias ós principios, ós organismos (S.N.T., C.G.A.T., O.R.A.P.A.S.) e ás actuacións sobre o terreo da política de intervención.

¿Cales foron as razóns que levaron a alcaldes e dirixentes das Hermandades de Labradores y Ganaderos a opoñerse ás medidas intervencionistas? Para algúns autores (Christiansen) tratouse dun comportamento pragmático ou baseado no sentido común, ante a percepción e vivencia dunha difícil situación económica, máis que dunha actitude política ou ideolóxica<sup>54</sup>. Establecendo un paralelismo, podemos interpretar estas respostas na mesma clave que a participación da poboación nos circuitos do estraperlo, como mecanismo obrigado de supervivencia e non como unha manifestación de resistencia fronte ó sistema. Outra posible interpretación estaría no desexo sincero de acadar unha mellora real dos niveis de vida para a poboación campesiña. Esta idea, que ten raíces tanto no pensamento falanxista coma no social-católico de preguerra, estaría máis presente entre os cargos sindicais provinciais con maior preparación intelectual e interiorización de determinados ideais políticos ca nos dirixentes locais das Hermandades ou nos alcaldes, moito máis afeitos a lidiar cos problemas cotiáns.

Un terceiro factor –na miña opinión o máis decisivo– ten que ver coa necesidade de resolver, ou intentalo polo menos, algúns dos problemas da comunidade,

da parroquia ou dos veciños dun concello enteiro, para manter o prestixio diante da colectividade, xerar algún tipo de adhesión ou “consenso” respecto da súa persoa e, sobre todo, poder prolongar unha posición hexemónica polo que facía ó control duns recursos moi escasos (adubos, apeiros, petróleo, sulfato, ...) doados de colocar no mercado negro, e sobre a fiscalidade (repartición de cupos de entrega forzosa, declaración de colleitas e superficies sementadas, manexo das Juntas Locales Agrícolas e das Juntas Periciales que distribuían a contribución rústica, ...), etc. En relación con isto temos que ter en conta que certos posicionamentos contrarios á política de intervención a nivel local non significaban necesariamente a defensa dos intereses de todos os veciños do concello, senón máis ben só os das elites locais.

O papel dos alcaldes tivo que ser especialmente complexo por se atoparen no medio dun “fogo cruzado”, obrigados por un lado a defender os intereses dos seus conveciños pero sen esquecer o fío de dependencia directa coa máxima autoridade provincial. Isto podería explicar por exemplo a actitude ambigua detectada por M. J. Souto Blanco no comportamento do alcalde do Saviñao durante a “revolta de fame” que recollemos máis arriba. O alcalde incentivaba ós veciños a impedir a saída do concello das cupos forzosos pero ausentábase cando coñecía a inminencia da chegada das autoridades de orde pública<sup>55</sup>. O papel dos gobernadores civís garda –a maior escala iso si– un certo paralelismo co dos alcaldes. Tratan de manter contenta e en orde á poboación provincial con medidas ocasionais coma o indulto das multas

da Fiscalía de Tasas ou a rebaixa dos cupos asignados ós concellos,... pero saben que para progresar na súa carreira política, da que unha capital provincial non adoita ser máis ca un chanzo –xa de certa altura– deben demostrar adhesión inquebrantable ó rexime e non cuestionar o sistema. En xeral, penso que poderíamos afirmar que a posibilidade de progresar politicamente reduce proporcionalmente a defensa de posturas críticas e potencialmente conflitivas.

Outra reflexión que creo suficientemente relevante para in-

cluír nestas “conclusionés” é o descubrimento dunha certa capacidade de influencia ou de presión das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos sobre cargos políticos e organismos especiais dedicados á realización da política de intervención. Cando as H.S.L.G. de dezaseis concellos de Pontevedra, apoiadas pola C.O.S.A., lograron negociar co S.N.T. e co Goberno Civil con éxito unha redución dos cupos de entrega de cereais, estaban a sancionar a efectividade dunha canle de protesta (ou de negociación) institucional.

Por último, como resulta obvio, a constatación de discrepancias entre diferentes institucións dun mesmo réxime explícase pola existencia dunha loita constante polo control dos recursos –máis nun contexto de escaseza– e de parcelas de poder político. Nada mellor para ilustrar isto que a loita entre a Organización Sindical Agraria e os organismos autónomos para fiscalizar e controlar a distribución dos produtos agrarios. A Organización Sindical Agraria chegou a solicitar a desaparición do S.N.T. ou da C.G.A.T.

## NOTAS

1. Os resultados deste traballo son producidos da súa inserción no Proxecto de Investigación *Agricultura atlántica en la Península Ibérica y transformaciónes del mundo rural en el siglo XX. Condiciones tecnológicas, medioambientales e institucionales de los cambios* subvencionado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología, referencia BHA2002-01304. Agradezo ós meus compañeiros de proxecto a súa lectura atenta e as súas suxerencias, de moito proveito na redacción final do texto.
2. Sobre o sistema de intervención estatal da economía de produtos agrarios e factores de produción, así como sobre o xurdimento de circuitos de comercialización ilegal da produción (mercado negro, estraperlo) existe unha ampla bibliografía, da que serían mostras significativas: BARCHIELA, C., "Introducción" en JIMÉNEZ BLANCO, ed., *Historia Agraria de la España contemporánea: El fin de la agricultura tradicional, 1900-1960*, vol. 3. Crítica, Barcelona, 1986; -, "Crecimiento y cambio en la agricultura española desde la guerra civil", en A. Carreras, J. Nadal et alii, comp., *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*, Ariel, Barcelona, 1987, pp. 258-279; "Franquismo y corrupción económica", *Historia Social*, nº 30, 1998, pp. 83-96. CATALÁN, J., *La economía española y la segunda guerra mundial*, Barcelona, 1995. GUTIERREZ DEL CASTILLO, C., "Una estimación del mercado negro de aceite de oliva en la postguerra española" *Agricultura y Sociedad*, nº 29, 1983, pp. 153-174. MORENO FONSERET, R., *La autarquía en Alicante (1939-1952). Escasez de recursos y acumulación de beneficios*, Alacante, Institut de Cultura Juan Gil Albert, 1994. NAREDO, J. M., "La incidencia del "estraperlo" en la economía de las grandes fincas del sur", *Agricultura y Sociedad*, nº 19, 1981, pp. 81-128. SOUTELO VÁZQUEZ, R., "Galicia nos tempos de medo e fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959". Documentos de traballo do I.D.E.G.A., U.S.C., 2001.
3. Esta publicación sindical foi titulada como "portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia" durante unha primeira etapa que vai da súa aparición en xaneiro de 1945 ata xaneiro de 1949 e "Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra y órgano de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos" dende esa data a agosto-setembro de 1952 nunha segunda fase. CABO VILLAVERDE, M., *Prensa agraria en Galicia*, Ourense, Duen de Bux, 2003, pp. 280-281, informa de discontinuidades na súa publicación a partir dos anos 50. Os principios colaboradores de "AGRO" eran funcionarios da C.O.S.A. de Pontevedra e técnicos. Ata febreiro de 1947 tivo frecuencia quincenal, pasando daquela a ser de saída mensual. Ás veces editábanse números especiais que adoitaban fusionar a información de dous meses consecutivos.
4. O traballo máis coñecido a este respecto é o de CHRISTIANSEN, T., "Conflictos políticos y administrativos durante el primer franquismo. El caso de Cuenca" en *Noticario de Historia Agraria*, nº 18, 1999, pp. 225-245.
5. O prezo dos impresos non é algo tan anecdótico como en principio puidera parecer. En 1944, probablemente como desculpa para eludir a declaración de superficies sementadas e colleitas e a entrega de cupos forzosos, o alcalde e os veciños de Enfesta (antigo concello da provincia de A Coruña), non se amosaron dispostos ó pago contra reembolso dos devanditos impresos declaratorios C-1.
6. Circular "Declaración de cosecha" (8/8/1944) do Xefe Provincial do S.N.T. de A Coruña, E. Niño. A.R.G. Serie Gobierno Civil de A Coruña, legaxo 2808.
7. As normas que regulamentaban a asignación e entrega de cupos, así como os prezos a percibir polos agricultores eran moi variables de campaña en campaña. Por exemplo, a obrigatoriedade de vender o excedente ó S.N.T. nos primeiros anos da intervención foise relaxando, e de feito a finais da década dos 40 era posible colocar libremente estes excedentes no mercado.
8. Neste sentido son interesantes as informacións que para a provincia de Albacete proporciona GÓMEZ HERRÁEZ, J. M., "Las Hermandades Sindicales en la conflictividad rural (1939-1962)". Actas del VII Congreso de Historia Agraria, pp. 194-204, Universidad de Jaén, Baeza, 1995.
9. SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl, "Galicia nos tempos de medo e fame. Autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959" en *Documentos de Trabajo do IDEGA*, marzo 2001, pp. 15 considera que as Juntas Locales -se ven non clarexa se as Juntas Locales Agrícolas ou as Juntas Locales de Distribución de Cupos, si é que non son as mesmas, facían a distribución individual dos cupos entre os agricultores. Estaban formadas polo alcalde, o Xefe da Hermandad de Labradores y Ganaderos, un membro do Cabildo Sindical, un agricultor de prestixio designado pola Jefatura local del Movimiento e o Secretario-Contador da Hermandad. Semellante composición deixaría unha situación de 3 membros da Hermandad fronte a un do concello na Junta, podendo o agricultor de prestixio posicionarse en función das afinidades ou fallas de sintonía político - sindicais do Xefe local del Movimiento do que este dependía.
10. "Figuras de la Asamblea" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra y órgano de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos" nº 2 (2ª etapa) febreiro de 1949, pp. 9. Neste

mesmo número, e baixo o título: "Conclusiones de la Asamblea Provincial de Hermandades" recóllese na conclusión nº 3 "Suministro de piensos y cupos de entrega" o seguinte comentario: "...Agradecer vivamente al Excelentísimo Sr. Gobernador Civil de la provincia, D. José Solís Ruiz, el haber facultado a las Hermandades no sólo para que distribuyan entre los agricultores-ganaderos el cupo de entrega de cereales señalado por el S.N.T., misión que tienen confiada aquellas legalmente, ...".

11. Circular (8/8/1944) "Declaración de cosecha" do Xefe Provincial do S.N.T. da provincia da Coruña, E. Niño. A.H.R. Serie Gobierno civil de A Coruña, legaxo 2808.

12. Oficio (10/6/1944) do Xefe Provincial del Servicio Nacional del Trigo (S.N.T.) de A Coruña ó Gobernador civil. Arquivo Histórico do Reino de Galicia (A.H.R.G.) Serie Gobierno Civil de A Coruña, legaxo 2808. Nesta mesma localización atopamos o oficio (17/6/1944) do Gobernador Civil ó alcalde de Tordoia no que se afirma: "... por lo que ordeno a esa Alcaldía que sin excusa ni pretexto alguno proceda con toda energía a fin de que los agricultores citados devuelvan el trigo retirado o reintegren su importe los que no estuvieran en condiciones de devolverlo, en evitación de severas sanciones. Del presente me acusará recibo, debiendo asimismo remitir relación nominal de los agricultores que realizaron los hechos denunciados". Unha sugerente interpretación dos feitos de Tordoia en CABANA IGLESIA, A., "La Galicia rural durante el primer franquismo. Resistencia o sumisión. Elementos para un debate" en *V Encuentro de investigadores del franquismo*, Albacete, 2003. Agradezo a Miguel Cabo Villaverde a indicación do interese que para a investigación que estamos a desenvolver teñen determinados fondos do Gobierno civil do A.H.R.G.

13. Relación de vecinos del ayuntamiento de Cerdeda que non han entregado el cupo forzoso de maíz (junio de 1944); Documentación relativa (B.O.P. e circulares do Gobierno Civil) a relacións do Gobernador civil coas alcaldías da provincia e coas Juntas Locales Agrícolas sobre instrucións relativas á recopilación e envío de datos estadísticos respecto de declaracións individuais e tamén colectivas. A.H.R.G., Serie Gobierno Civil, legaxo 2808.

14. SOUTO BLANCO, M. J., "Una revuelta de hambre" en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao", en *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea* 2003.

15. O cultivo de trigo tiña unha importancia simbólica, por non decir que era inexistente, na provincia de Pontevedra nestes anos. O cereal por excelencia no conxunto provincial era o millo, en especial canto máis ó oeste, nas comarcas máis perto da costa. O centeo tiña un peso significativo nos concellos montañosos do N.E. De calquera xeito, acostumábase a producir certa cantidade de centeo nas terras marxinais ou nos montes da meirande parte de concellos, pois era fundamental na elaboración do pan de broa. A continuación ofrecemos datos esti-

mativos da produción de cereais (en Has.) en cinco concellos do S.E. da provincia. Arbo: trigo: 0 has; millo: 712 has; centeo: 10 has; Mondariz: trigo: 0 has; millo: 250 has; centeo: 50 has; Neves, As: trigo: 0 has; millo: 924 has; centeo: 25 has; Ponteareas: trigo: 3 has; millo: 1215 has; centeo: 65 has; Salvaterra de Miño: trigo: 1 ha; millo: 241 has; centeo: 8 has. Fonte: Junta Nacional de Hermandades (Delegación Nacional de Sindicatos): Encuesta Agropecuaria 1953. A.C.A.P.P.

16. "El fantasma del maíz" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 48 (mayo de 1946), pp. 1 e 8; "¡Problemas, problemas. Pan!!" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra y órgano de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos", nº 7 (2ª etapa) (julio de 1949), pp. 8-9.

17. "El maíz a 3'43 pts/Kg., el centeno, al mismo precio, y el trigo a 3'50" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores Ganaderos de la provincia" nº 28 (20/3/1946) pp. 4; "De interés para los agricultores. Importante circular sobre la entrega forzosa de cupos de trigo y centeno" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia" e "La entrega de cupos forzosos de trigo, centeno y maíz", nº 29 (10/4/1946), pp. 1 e 3. Da segunda das dúas informacións recollidas colixese que a altura de 1946, e pese a ter xa natureza legal, aínda non se producirá a integración das Juntas Locales Agrícolas (ás veces nomeadas como Juntas Locales Agropecuarias) nas H.S.L.G.

18. A fantasma do desvío de cantidades de millo cara ó mercado negro está na mente do Gobernador civil de Pontevedra cando "... una vez cubiertas sus necesidades para atender el autoabastecimiento de los municipios y sobre todo las necesidades de los agricultores humildes que no tienen producción suficiente para su subsistencia, ..., y vista la falta de colaboración que he encontrado en algunos agricultores pudientes, precisamente los más obligados en el momento de grave necesidad de la provincia, ...", en "Nota importante del Gobierno civil" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades ..." nº 32 (25/5/1946); pp. 4.

19. "Delegación provincial de Abastecimientos y Transportes. Circular sobre el autoabastecimiento de maíz en los municipios" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades ..." nº 31 (10/5/1946), pp. 1.

20. "Se reintegra el importe de las multas" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 51 (agosto 1947), pp. 1. Este tipo de actuacións, non era tan excepcional como pudiera en principio parecer. CHRISTIANSEN, T. en "Conflictos políticos y administrativos en el sector agrario durante el primer franquismo. El caso de Cuenca", *Noticario de Historia Agraria*, nº 18, 1999, pp. 225-245. tamén atopa a anulación polo Gobernador civil dunha gran parte das multas impostas pola Fiscalía provincial de

Tasas entre 1945 e 1948 con motivo da non entrega dos cupos.

21. SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl, "Galicia nos tempos de medo e fame. Autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959" en *Documentos de Trabajo do IDEGA*, pp. 15. Un mecanismo habitualmente empregado polos organismos executores da política de intervención para combater o fraude, era o de estimar a produción de cada parroquia e concello en función das cantidades de semente, anti-criptogámicos, ... solicitadas polas correspondentes Hermandades e Cooperativas del Campo.

22. "Figuras de la Asamblea" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra y órgano de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos", nº 2 (2ª etapa), (febrero de 1949), pp. 9. Entre as dezaseis Hermandades que obtiveron unha revisión á baixa dos cupos asignados estaban as de Arbo, Ponteareas, Vilanova de Arousa, Mondariz, Sanxenxo, Campolameiro, Poio, O Rosal, Crecente, A Guarda, As Neves, Marín e Moaña. Descoñecemos cales eran as tres restante, aínda que é probable que entre elas estiveran as de Soutomaior e Cangas do Morrazo. Informacións extraídas de "Conclusiones de la Asamblea provincial de Hermandades. 3ª: Suministro de piensos y cupos de entrega", en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº 2 (2ª etapa) (febrero de 1949).

23. Esta situación era percibida como tan lesiva que na primeira Asamblea Nacional de Hermandades, celebrada en Madrid durante o mes de outubro de 1946 a Conclusión 1ª das ponencias de Cereais e Gandeiría -con texto case idéntico- propoñía "Que se exima a seis provincias del norte (Galicia, Asturias, Santander, Vizcaya y Guipúzcoa) de la entrega de cupos forzosos de maíz por ser este cereal no panificable e indispensable para la producción de carne y leche de que se abastece en su mayoría el mercado nacional. Se fundamenta esta conclusión en que el enorme déficit que hoy padece el mercado nacional de la carne obedece, en su casi totalidad a la disminución de Kilo canal de las reses de esta zona, que precisan una mejor alimentación a base de ese pienso, por lo que se impone la importación de este cereal en caso de que su gran déficit no sea cubierto por sus productos de molinería procedentes de otras regiones cerealistas". Esta reivindicación non respostaba só a un problema das provincias da franxa cantábrica, senón que adheríronse á conclusión os representantes de provincias tan distintas como Murcia, León, Álava, Soria e Navarra. Tomado de: "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 41 (15/11/1946).

24. As Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos tiveron actitudes en ocasións ambigüas respecto da política de intervención de prezos e mercados das producións e inputs agrarios. Por un lado, estarían queixas reiterativas como a oposi-

ción ós cupos de entrega forzosa, a reclamación de maiores cantidades de excedente libremente comercializable e a demanda de superiores asignacións de sementes, anticriptogámicos ou piensos; pero tamén tiraron proveito das ventaxas que ofrecía o sistema, solicitando prezos remuneradores e, cando na década dos 50 tiveron lugar uns iniciais cambios cara á liberalización, foron frecuentes ás peticións de intervención ó Estado para que protexera a determinados sectores. Neste sentido, as H.S.L.G. comportábanse como "asociacións de intereses agrarios" con modelos de actuación pouco diferenciados dos de grupos de presión agrarios de preguerra, como vimos de ver por exemplo no tema da política arancelaria. Para este mesmo asunto, no caso de Castilla La Mancha: GÓMEZ HERRÁEZ, J. M.: "Las Hermandades Sindicales en la conflictividad rural", pp. 197-200 en VII Congreso de Historia Agraria, Universidad de Jaén, Baeza, 1995.

25. "Hay que importar maíz" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra, ..." nº 3 (2ª etapa) (marzo de 1949), pp. 4-5, 17. No mesmo sentido podemos citar outro artigo aparecido en "CAMPIÑA: órgano de las Hermandades de la provincia de La Coruña" (data descoñecida) no que se realizaba un "estudio económico" (simplista e de lóxica económica moi inxenua) comparando as divisas empregadas na compra de carne no exterior cos rendementos potenciais da importación de millo e a súa transformación en carne. O autor do devandito informe consideraba: "Si las importaciones de la Argentina se realizasen durante el año al mismo ritmo que en los siete primeros meses, el valor de la importación anual se elevaría a 200 millones de pesetas, que invertidas en maíz, servirían para traer de este cereal 244.000 toneladas. Este tonelaje podría transformarse en otro tanto de carne que valdría 3.660 millones de pesetas. Y en el peor de los casos, es decir, que para producir un kilo de carne se necesitasen cuatro de maíz, se producirían 61.000 toneladas de carne, que a 15 pesetas/kilo valdrían 915 millones, cifra nada despreciable, que aumentaría la capacidad de compra de nuestro campesino, ...". O "pensamento" económico deste autor resumírase na sentenza: "Conviene, pues, más importar maíz para producir carne, queso, leche, mantequilla y cueros que comprar carne hecha".

26. "Otra vez los piensos o el cuento de nunca acabar" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra, ..." nº 5 (2ª etapa) (maio de 1949). Por suposto, como demostrou en reiteradas ocasións, C. López Canabal descoñecía os fundamentos científicos mínimos da mellora xenética das razas bovinas.

27. Sobre a situación de crise estrutural pola que atravesou a gandeiría galega na década dos 40 MARTÍNEZ LÓPEZ, A., "La ganadería gallega durante el primer franquismo: crónica de un tiempo perdido, 1936-1960" en *Historia Agraria*, nº 20, pp. 197-224; SOTO FERNÁNDEZ, D., *Transfor-*

*mación productiva na agricultura galega contemporánea. Da Agricultura Orgánica á Revolución Verde (1752-1986). Unha aproximación a partir das macromagnitudes*, Tese de doutoramento, U.S.C., Santiago, 2002, pp. 261-274; BERNÁRDEZ SOBREIRA, A., "A evolución do sector pecuario na Galiza contemporánea: especialización productiva e mercantilización da sociedade rural (1865-1996)" en *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, nº 9, 1998, pp. 371-388.

28. "La depreciación del ganado y la mejora ganadera" ("Conclusiones de la Asamblea provincial de Hermandades) en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº 2 (2ª etapa) (febreiro de 1949); "Conclusiones de Congreso Sindical Agrario de Castilla La Nueva y Albacete" en "BESANA: Órgano de la Cámara Oficial Sindical Agraria de Ciudad Real" (1949, data e nº descoñecidos).

29. "Conclusiones que a la ponencia de Ganadería presentan las provincias del Norte de España (Región gallega, Asturias, Santander, Vizcaya, Guipúzcoa) a las que se adhieren las provincias de Murcia, León, Álava, Navarra, Soria y otras Hermandades" e AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 41 (15/11/1946).

30. LANERO TÁBOAS, D. *Las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos en el campo pontevedrés: una aproximación al proceso de implantación y primeros años de funcionamiento (1939-1959)*, T.I.D. inédito, U.S.C., 2001, pp. 68-71.

31. "Carne" dentro da noticia ¡Problemas, problemas! en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº 7 (2ª etapa) (julio de 1949), pp. 8-9. Recolle un texto da prensa diaria, en concreto de "El Pueblo Gallego" no que se afirma: "... ¿Qué pasa entonces entre los precios bajos que al labrador se le abonan sin competencia de oferta y demanda y los altos que el consumidor tiene que afrontar si pretende hincar el diente en un trozo de ese animal, cada día más raro que se llama ternera?". Neste texto o autor fai unha crítica da desviación de carne cara ó mercado negro así como da presunta adulteración por parte dos intermediarios da carne entre as feiras e os mercados nos que acceden a ela os consumidores.

32. Para o tema dos "muiños de herdeiros" ver "Molinos de herederos. Proposición incidental de la Hermandad de Pontevedra" en 2ª Asamblea Nacional, y Provincia preparatoria (1947). A.C.A.P.P. Caixa 86; e "Conclusión que presenta la Hermandad Provincial de Labradores y Ganaderos de Pontevedra, ... Que todas las disposiciones vigentes referentes a molinos harineros no comprendan en modo alguno a los llamados de "herederos" en cuanto se refiere a la intervención del Servicio Nacional del Trigo" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 41 (15/11/1946).

33. "El sulfato" en "Noticario de la Hermandad" en "AGRO: Órgano de las Her-

mandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 30 (25/4/1946).

34. "Sulfato de cobre" en "Conclusiones de la Asamblea provincial de Hermandades" e "Sulfato de cobre", ámbolos dous en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº 2 (2ª etapa), (febreiro de 1949), pp. 16; "¡Problemas! - sulfato!" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra, ..." nº 3 (2ª etapa) (marzo 1949), pp.5; "¡Problemas, problemas - Vino!" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº7 (2ª etapa), (xullo 1949), pp. 8-9.

35. "Ante el problema del momento. Se debe ahorrar sulfato. Lo que dice el Señor Urquijo Landaluce, Director de la Estación de Fitopatología de La Coruña" en "AGRO: Portavoz de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia" nº 33 (10/6/1946). Sobre este mesmo tema: CABO VILLAVARDE, M., *A Estación de Fitopatología Agrícola da Coruña (1926-1951)*, pp. 258-262, Consellería de Agricultura, Gandería e Política agroalimentaria (Xunta de Galicia), 1999.

36. "AGRO: Órgano de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia" nº 30 (25/4/1946), pp. 3; nº 34 (25/6/1946), pp. 1 e nº 30, pp. 3.

37. Así parecen indicar as lembranzas dos labregos da comarca ourensá de O Ribeiro onde resultaba habitual a desaparición dun día para outro de tódolos sacos de sulfato depositados no almacén dunha Cooperativa del Campo ou da Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, segundo comenta DOMÍNGUEZ CASTRO, L., *Viños viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, pp. 227, Xerais, Vigo, 1992.

38. A Organización Sindical Agraria pontevedresa denunciaba a práctica habitual dos estraperlistas de difundiren rumores falsos e bulos sobre a carencia de sulfato de procedencia oficial co obxectivo de inclinar ós labregos a comprar no mercado negro: "... aprovechándose de la época en la que el sulfato de cobre es tan preciso, lanzan ellos al rumor público una cantidad de bulos que si no conociésemos su origen y si no saliésemos al paso de lo que pretenden, darían el resultado que ellos mismos buscan" en "Comienza la lucha. Agiotistas y estraperlistas unidos nos atacan. ¡Existimos!" en "AGRO: Órgano de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia", nº 33 (10/6/1946). Os dirixentes pontevedreses tamén pedían á súas Hermandades que denunciaran á C.O.S.A. as existencias de sulfato de cobre no mercado negro para que esta informara ás institucións ás que correspondía o seguimento deste tipo de delitos. Ó tempo, téntabase convencer ós labregos de que comprar no estraperlo sería a peor forma de atentar contra os seus propios intereses.

39. En "España es campo. La recogida de la patata" en "AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ..." nº 4 (2ª etapa) (abril de 1949).



40. O papel de Hermandades e Cooperativas del Campo como organismos colaboradores nas tarefas de recollida de patacas, con preferencia sobre outros organismos, fora sancionado legalmente pola propia Comisaría General de Abastecimientos y Transportes a través do artigo 3º –apartados a) e b)– da disposición deste organismo que regulaba a intervención da pataca. Polo tanto, as Cámaras e as Hermandades estaban a reclamar unhas atribucións que elas consideraban como lexítimas e que, como tantas outras que lles afectaban e lles terían conferido un meirande poder, non foran aínda postas en vixencia.

41. Enrique Santos Bugallo foi, xa por tradición familiar, un activo xornalista e dirixente do social-catolicismo galego nos anos anteriores á Guerra civil. Colaborador en “*Acción Agraria*” de Ortigueira, ou en “*Acción Social*” de Mondoñedo. Foi redactor-xefe de “*Galicia Agraria*”, o voceiro da Federación Católica Agraria de A Coruña entre 1927 e 1930, antes da súa fusión con “*Acción Social*”, da que naceu “*Galicia Social Agraria*”. Durante a guerra, foi o probable director do “*Boletín da Federación Católica Agraria de La Coruña*”. Nos anos da dictadura, e dentro do radio de acción da UTECO coruñesa, da que era xerente, dirixiu o órgano mensual desta “*Cooperativismo*”, entre 1966 e 1971, así como o semanario “*Noroeste*” (1953/54). Algúns datos sobre a súa figura en CABO VILLAVERDE, M., *Prensa agraria en Galicia*, Ourense, Duen de Bux, 2003, pp. 85, 93, 100, 286, 290 y 297; así como en MARTÍNEZ LÓPEZ, A., *O cooperativismo católico no proceso de modernización da agricultura galega, 1900-1943*, Pontevedra, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989, pp. 99-103 e 291-310.

42. Para coñecer a fundamental laboura da Misión Biolóxica de Galicia antes de 1936, é inexcusable a lectura de CABO VILLAVERDE, M., “O labor da Misión Biolóxica de Pontevedra ata 1936 e a reforma da agricultura galega en Cruz Gallástegui Unamuno” en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº 109, VOL. XLIV, pp. 103-152. Para coñecer os negativos efectos que a chegada da dictadura tivo respecto da relación entre centros de investigación agronómica e sociedade

civil e os “ruídos” provocados pola instauración da política de intervención, pódese consultar: FERNÁNDEZ PRIETO, L.; LANEIRO TÁBOAS, D. e CABO VILLAVERDE, M., “Unificar e destruír. El proceso de integración del “Sindicato de Productores de Semillas” en la Organización Sindical Agraria pontevedresa” en *V Encuentro de investigadores del franquismo*, Albacete, 2003.

43. “El Congreso Sindical Agrario celebrado con gran brillantez” en “AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra, ...”, nº 8 (2ª etapa), (agosto-setembro de 1949), pp. 2-4.

44. Unha visión ó respecto en CHRISTIANSEN, T., Conflictos políticos y administrativos en el sector agrario durante el primer franquismo. El caso de Cuenca, en *Historia Agraria*, nº 18, 1999, pp. 225-245.

45. “Amillaramientos” en “AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ...” nº 2 (2ª etapa) (febreiro 1949), pp. 12.

46. *ibidem*.

47. “Amillaramientos” en “AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra...”, nº 2 (2ª etapa) (febreiro 1949), pp. 12 e “¡Problemas, problemas!” en “AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra...” nº 6 (2ª etapa), pp. 5 e 9.

48. 2ª e 5ª Conclusiones de la Gran Asamblea provincial presentadas a S.E. el Jefe del Estado, en “AGRO: Órgano de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia”, nº 26 (20/2/1946), pp. 2.

49. En “AGRO: Órgano de las Hermandades de Labradores y Ganaderos de la provincia”, nº 51 (agosto 1947), pp. 1 e “¡Problemas, problemas!” en “AGRO: boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra ...” nº 6 (2ª etapa) (xuño 1949), pp. 5 e 9.

50. De Valcárcel, Alejandro R., Ponencia nº 10: “La preponderancia de lo político en la organización sindical. Simplificación de obras sindicales y dirección política de las mismas. Las Hermandades y los ayuntamientos”. do 2º Consejo de Jefes provinciales. 1949. A.H.P.P.O., Caixa 44, Jefatura Provincial del Movimiento.

51. Ás rivalidades entre elites locais atribue parte da conflictividade xurdida no entorno das Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos ORTIZ HERAS, M., en *Las Hermandades de Labradores en el franquismo*.

*Albacete 1943-1977*, Instituto de Estudios Albacetenses, Excma. Diputación de Albacete, Albacete, 1992, pp. 154.

52. “Las Hermandades en los caminos rurales” en “AGRO: Boletín de divulgación de la C.O.S.A. de Pontevedra, nº 4 (2ª etapa), (abril 1949), pp. 5. Unha actuación similar de desinterese e rexeitamento destas obras de suposta mellora colectiva foi a mostrada polos labregos da parroquia de Escubeiro, en Mondariz-Balneario, cando se negaron a participar na limpeza de pozos e cauces de rego á que a súa Hermandad lles instara no verán de 1958. En CABANA IGLESIA, A., *La Galicia rural durante el primer franquismo, Resistencia o sumisión. Elementos para un debate*, en *V Encuentro de investigadores del franquismo*, Albacete, 2003.

53. De Valcárcel, Alejandro R., Ponencia nº 10: “La preponderancia de lo político en la organización sindical. Simplificación de obras sindicales y dirección política de las mismas. Las Hermandades y los ayuntamientos”. do 2º Consejo de Jefes provinciales. 1949. A.H.P.P.O., Caixa 44, Jefatura Provincial del Movimiento. Oficio (29/9/1946) de J. Collazo Pérez al excelentísimo Sr. Gobernador civil de La Coruña sobre acontecimientos ocurridos en la feria de Guisamo del 10/9/1946; Oficio (26/10/1946) del teniente coronel de la Guardia Civil, 140 comandancia, al Gobernador civil de la provincia referente a sucesos ocurridos en la feria de Guisamo; Oficio (24/3/1944) del alcalde de Ortigueira al Gobernador civil de la provincia; “Reclamaciones contra circular Colegio Provincial de veterinarios” (Circular de 28/3/1944 del Jefe Provincial del Movimiento, Diego Salas Pombo, al Gobernador civil de la provincia); todos en A.R.G. (Arquivo do Reino de Galicia). Serie Gobierno civil de A Coruña. Legaxo 2808.

54. CHRISTIANSEN, T., Conflictos políticos y administrativos en el sector agrario durante el primer franquismo. El caso de Cuenca, en *Historia Agraria*, nº 18, 1999, pp. 225-245.

55. SOUTO BLANCO, Mª J., “Una revuelta de hambre” en la Galicia del primer franquismo: O Saviñao”, en *Pasado y memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 2003.

